

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO O 28 DE DECEMBRO DE 2023, BAIXO A PRESIDENCIA DE ALFONSO RUEDA VALENZUELA**

#### **DECRETOS**

##### **CONSELLERÍA DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA**

- Decreto polo que se aproba o Programa estatístico anual da Comunidade Autónoma de Galicia para o 2024.

#### **ACORDOS**

##### **VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES**

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Axencia de Turismo de Galicia e a Asociación de Clubes Náuticos de Galicia (Asnauga) para a xestión e a realización das actividades para a promoción do turismo náutico, no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU, por un importe total dun millón oitocentos mil euros (1.800.000,00 €).
- Acordo polo que se toma razón da Resolución pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia non competitiva, das subvencións a proxectos turísticos para o fomento do turismo enogastronómico, no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea, NextGenerationEU, e se realiza a súa convocatoria como expediente anticipado de gasto para os anos 2024 e 2025, por un importe total de cinco millóns cincocentos mil euros (5.500.000,00 €).
- Acordo polo que se autoriza a concesión de anticipos de ata o 100 % derivados da Orde da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria de subvencións para o ano 2024, en réxime de concorrencia competitiva, dentro do Plan específico de acción comunitaria destinada a asociacións veciñais, confederacións, federacións ou unións de asociacións de veciños de Galicia, comunidades de usuarios de augas e asociacións de mulleres rurais de Galicia, por importe de tres millóns de euros (3.000.000,00 €), tramitado como expediente anticipado de gasto.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA**

- Acordo polo que se toma razón da licitación para a rehabilitación de 30 vivendas nos concellos de Ferrol, Mondoñedo, Ourense, Viveiro e Ribadavia, ao abeiro do programa Rexurbe por un importe de licitación de 7.136.913,75 €.

### **CONSELLERÍA DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA**

- Acordo entre a Xunta de Galicia e as organizacións sindicais polo que se convoca o procedemento de acceso aos graos I e II do sistema transitorio extraordinario de recoñecemento da progresión na carreira administrativa prevista na disposición transitoria oitava da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, para o persoal funcionario.
- Acordo entre a Xunta de Galicia e as organizacións sindicais polo que se convoca o procedemento de acceso aos graos I e II do complemento de desempeño do posto de traballo para o persoal laboral.
- Acordo polo que se autoriza a tramitación do expediente de contratación do servizo de desenvolvemento da Plataforma urbanística dixital de Galicia, susceptible de cofinanciarse pola Unión Europea nun 60 % con cargo ao programa de Galicia Feder 2021-2027, con un orzamento de licitación (IVE incluído) de dous millóns seiscientos corenta e dous mil catrocentos euros (2.642.400,00 €) e un valor estimado de cinco millóns douscentos corenta e un mil cento vinte tres euros e noventa e seis céntimos (5.241.123,96 €).

### **CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE**

- Acordo polo que se autoriza a tramitación do expediente de contratación do servizo de apoio á dixitalización en sistemas de xestión do ciclo integral da auga en entidades locais de menos de 20.000 habitantes de Galicia, que consistirá no desenvolvemento, implantación e posta en marcha dunha rede autonómica de estacións dixitais de monitorización de sistemas de abastecemento de auga potable en alta, cun orzamento base de licitación de cinco millóns setecentos cincuenta e oito mil catrocentos noventa e sete euros con catro céntimos (5.758.497,04 €) e cun valor estimado de catro millóns setecentos cincuenta e nove mil oitenta e oito euros con corenta e seis céntimos (4.759.088,46 €), Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU, expediente anticipado de gasto.
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do Convenio de colaboración entre a Axencia Galega de Infraestruturas e o Concello de Ferrol para «Abrir Ferrol ao mar», segunda fase das actuacións de fomento da mobilidade sostible na fachada marítima e portuaria da cidade de Ferrol.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do Convenio de colaboración entre Augas de Galicia e o Concello de Triacastela para acometer e incorporar ao patrimonio público municipal a actuación de ampliación e mellora da EDAR de Triacastela. Triacastela (Lugo), cofinanciado polo Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do Plan estratéxico da PAC 2023-2027, mediante tramitación anticipada de gasto, por importe de cincocentos sesenta e seis mil cento sesenta e dous euros con setenta e un céntimo (566.162,71 €).

## CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, INDUSTRIA E INNOVACIÓN

- Acordo polo que se autoriza a Axencia Galega de Innovación para realizar pagamentos anticipados ata o 90 % da subvención concedida, co límite de que a suma dos pagamentos á conta e os anticipos non poderá ser superior ao 90 % da porcentaxe subvencionada correspondente aos pagamentos xustificadas nin excederá a anualidade prevista en cada exercicio orzamentario, e para eximir da obriga de constituír garantías, polo importe dos pagamentos anticipados e á conta establecidos nas axudas ao abeiro da Resolución pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das axudas destinadas a apoiar as misións de especialización intelixente de Galicia, no marco da Estratexia de especialización intelixente de Galicia 2021-2027, e se realiza a súa convocatoria, mediante tramitación anticipada de gasto, para o ano 2024, por importe de quince millóns de euros (15.000.000 €).

## CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN, FP E UNIVERSIDADES

- Acordo polo que se autoriza a Axencia Galega das Industrias Culturais para establecer pagamentos anticipados en porcentaxe superior á recollida no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, así como para eximir da obriga de constituír garantías na Resolución pola que aproban as bases para a concesión de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, a producións e coproducións audiovisuais de contido cultural galego, e se convocan para o ano 2024, por un importe total de dous millóns cincocentos mil euros (2.500.000,00 €), tramitado como expediente anticipado de gasto.

## CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E XUVENTUDE

- Acordo polo que se aproba a Estratexia de inclusión social de Galicia.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Acordo polo que se autoriza a contratación, mediante acordo marco cun único empresario, da subministración sucesiva do medicamento Tisagenlecleucel, cun valor estimado de cincuenta e cinco millóns corenta mil euros (55.040.000,00 €).
- Acordo polo que se autoriza a contratación, mediante acordo marco cun único empresario, da subministración sucesiva do medicamento Axicabtagen Ciloleucel, por un valor estimado de setenta e un millóns novecentos corenta mil euros (71.940.000,00 €).
- Acordo polo que se autoriza a contratación da subministración sucesiva de implantes xenitourinarios con destino ás áreas sanitarias do Servizo Galego de Saúde, por un importe total de licitación de sete millóns cento setenta e dous mil catrocentos noventa e dous euros con trinta e seis céntimos (7.172.492,36 €) con IVE, e un valor estimado de doce millóns cento sesenta e cinco mil cincocentos corenta e oito euros con vinte e sete céntimos (12.165.548,27 €) sen IVE, tramitado como anticipado de gasto.
- Acordo polo que se aproba a modificación dos estatutos da Fundación Biomédica Galicia-Sur, que pasa a denominarse Fundación Pública Galega de Investigación Biomédica Galicia-Sur, así como a súa incorporación ao sector público autonómico.
- Acordo polo que se aproba a modificación dos estatutos da Fundación Instituto de Investigación Sanitaria de Santiago de Compostela, que pasa a denominarse Fundación Pública Galega Instituto de Investigación Sanitaria de Santiago de Compostela (FIDIS), así como a súa incorporación ao sector público autonómico.
- Acordo polo que se aproba a modificación dos estatutos da Fundación Profesor Novoa Santos, que pasa a denominarse Fundación Pública Galega de Investigación Biomédica Inibic, así como a súa incorporación ao sector público autonómico.

### CONSELLERÍA DE PROMOCIÓN DO EMPREGO E IGUALDADE

- Acordo polo que se autoriza a concesión de anticipos de ata o 90 % derivados da Resolución da Secretaría Xeral da Igualdade pola que se establecen as bases reguladoras que rexerán as subvencións a entidades de iniciativa social sen ánimo de lucro para programas dirixidos a mulleres en situación de especial vulnerabilidade e para o desenvolvemento das actuacións do Plan Corresponsables, cofinanciadas parcialmente pola Unión Europea no marco do programa FSE+ Galicia 2021-2027, e se convocan para o ano 2024, por importe dun millón novecentos mil euros (1.900.000,00 €), tramitado como expediente anticipado de gasto.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

- Acordo polo que se autoriza a Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade para incrementar as porcentaxes máximas dos pagamentos anticipados e para eximir da constitución de garantías, na Orde pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións públicas, destinadas ao financiamento do programa Investigo, de contratación de persoas mozas demandantes de emprego na realización de iniciativas de investigación e innovación, e se realiza a súa convocatoria para o exercicio 2024, por importe de catro millóns oitocentos dezasete mil catrocentos euros (4.817.400 €), tramitado como expediente anticipado de gasto.
- Acordo polo que se autoriza a subscribir o Convenio de colaboración entre a Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade e a Asociación de Industrias do Metal e Tecnoloxías Asociadas de Galicia (Asime) para realizar accións formativas de cualificación e recualificación da poboación activa en sectores estratéxicos e mellora das capacidades para a transición ecolóxica no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, por un importe total de catrocentos trinta e cinco mil novecentos cinco euros (435.905,00 €), tramitado como expediente anticipado de gasto.
- Acordo polo que se autoriza a subscribir o Convenio de colaboración entre a Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade e o Clúster das Enerxías Renovables de Galicia para realizar accións formativas de cualificación e recualificación da poboación activa en sectores estratéxicos e mellora das capacidades para a transición ecolóxica no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, por un importe total de seiscentos trinta e seis mil oitocentos corenta euros (636.840,00 €), tramitado como expediente anticipado de gasto.
- Acordo polo que se autoriza a subscribir o Convenio de colaboración entre a Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade e a Federación Galega de Comercio para realizar accións formativas de cualificación e recualificación da poboación activa en sectores estratéxicos e mellora das capacidades para a transición ecolóxica no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, por un importe total de cincocentos vinte e nove mil catrocentos corenta euros (529.440,00 €), tramitado como expediente anticipado de gasto.
- Acordo polo que se autoriza a subscribir o Convenio de colaboración entre a Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade e a Fundación Laboral da Construción-Consello Territorial de Galicia para a realización de accións formativas de cualificación e recualificación da poboación activa en sectores estratéxicos e mellora das capacidades para a transición ecolóxica, no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, por un importe total de cincocentos setenta e dous mil trescentos sete euros (572.307,00 €), tramitado como expediente anticipado de gasto.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

- Acordo polo que se autoriza a subscribir o Convenio de colaboración entre a Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade e o Clúster da Función Loxística de Galicia para realizar accións formativas de cualificación e recualificación da poboación activa en sectores estratéxicos e mellora das capacidades para a transición ecolóxica, no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, por un importe total de catrocentos trinta e nove mil setecentos cincuenta e cinco euros (439.755,00 €), tramitado como expediente anticipado de gasto.
- Acordo polo que se autoriza a subscribir o Convenio de colaboración entre a Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade e Clúster TIC Galicia para a realización de accións formativas de cualificación e recualificación da poboación activa en sectores estratéxicos e mellora das capacidades para a transición ecolóxica, no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, por un importe total de un millón nove euros (1.000.009,00 €), tramitado como expediente anticipado de gasto.

## CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Acordo polo que se autoriza a Consellería do Medio Rural para constituír dunha garantía por un importe inferior ao previsto no artigo 67.3 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, para as axudas reguladas nas seccións 1ª e 2ª do capítulo III e para eximir da obriga de constituír garantía e a modificación da porcentaxe do primeiro pagamento, consonte o previsto nos artigos 63.1 e 67.4 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, para as axudas reguladas nas seccións 3ª e 4ª do capítulo III, na Orde pola que se establecen as bases reguladoras das axudas destinadas á mellora das estruturas de produción das explotacións agrarias, no marco do Plan estratéxico da política agraria común de España 2023-2027, cofinanciadas polo Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader), e se convocan para o ano 2024 por un importe de corenta e sete millóns de euros (47.000.000,00 €), con tramitación anticipada de gasto.
- Acordo polo que se toma razón do inicio da tramitación do Decreto polo que se regula o Sistema de créditos de carbono da Xunta de Galicia.
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia, a Federación Galega de Municipios e Provincias e a Deputación Provincial de Pontevedra, en materia de emerxencias e prevención e defensa contra incendios forestais, para desenvolver os grupos de emerxencia supramunicipais, para o ano 2024, por un importe total de dous millóns setecentos vinte mil euros (2.720.000,00 €), así como para establecer pagamentos anticipados de contía superior á establecida no artigo 63 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, para a concesión dos anticipos nos termos indicados no convenio, tramitado como anticipado de gasto.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia, a Federación Galega de Municipios e Provincias e a Deputación Provincial de Lugo, en materia de emerxencias e prevención e defensa contra incendios forestais, para desenvolver os grupos de emerxencia supramunicipais, para o ano 2024, por un importe total de un millón seiscientos mil euros (1.600.000,00 €), así como para establecer pagamentos anticipados de contía superior á establecida no artigo 63 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, para a concesión dos anticipos nos termos indicados no convenio, tramitado como anticipado de gasto.

### CONSELLERÍA DO MAR

- Acordo polo que se aproba a prórroga do contrato programa do Instituto Tecnolóxico para o Control do Medio Mariño de Galicia para o ano 2024.

## INFORMES

### VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA

- Informe polo que se dá conta ao Consello da Xunta dos trámites en curso para a construción de 127 vivendas de promoción pública repartidas en tres parcelas (40+46+41) en San Paio de Navia (Vigo) e 74 VPP en Valdecorvos (Pontevedra), por un importe global de licitación de 41.788.795,19 €, IVE incluído.

### CONSELLERÍA DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

- Informe sobre procesos selectivos: calendario de exames para o ano 2024.

### CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Informe sobre a convocatoria de axudas para o control do rendemento leiteiro ás entidades oficialmente recoñecidas para realizar o control leiteiro en Galicia, con convocatoria para o ano 2024.
- Informe sobre a convocatoria das axudas para o ano 2024 ás explotacións gandeiras pertencentes á indicación xeográfica protexida Ternera Gallega.
- Informe sobre a convocatoria de axudas á apicultura, con convocatoria para o ano 2024.
- Informe sobre a convocatoria de axudas destinadas á realización de certames de gando bovino selecto do ano 2024.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### CONSELLERÍA DO MAR

- Informe sobre a resolución das axudas destinadas á preparación e aplicación dos plans de produción e comercialización das organizacións de produtores pesqueiros, e á creación de organizacións de produtores pesqueiros (OPP) e de asociacións de organizacións de produtores pesqueiros (AOP), cofinanciadas co FEMP, convocadas en 2023.



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

# O PROGRAMA ESTADÍSTICO DA XUNTA PARA 2024 INCLÚE 160 ESTADÍSTICAS SOBRE TERRITORIO, POBOACIÓN, SOCIEDADE, ESTRUTURA PRODUTIVA E TECNOLOXÍA

Recolle novas estatísticas sobre emprego autónomo, vivenda, deporte ou inserción laboral, entre outras

O Consello da Xunta aprobou hoxe o Programa estatístico de Galicia para 2024, con 160 estatísticas sobre territorio, poboación, sociedade, estrutura produtiva e tecnoloxía, cuxos resultados incrementarán a oferta informativa achegada polos sistemas estatísticos español e europeo. A elas súmanse outras 39 actuacións para afondar na difusión e análise de toda a información dispoñible sobre Galicia.

Entre as novidades salientan as estatísticas sobre emprego autónomo, vivenda, deporte, inserción laboral e bases de cotización á Seguridade Social. Actualizar as proxeccións de poboación, reeditar as estatísticas de movementos migratorios, realizar unha enquisa para analizar o tránsito do mercado laboral á xubilación, así como ampliar a información recollida nos fogares galegos sobre poboación dependente e uso do galego, son outras tarefas novas con respecto ás programadas no ano 2023.

Haberá unha nova estatística sobre egresados nas universidades galegas que afondará na súa inserción laboral, e o sector aeroespacial e as actividades vencelladas co deporte recibirán tamén un tratamento singular no ano 2024, co obxectivo de estudar métodos, estándares e fontes estatísticas que contribúan ao seu coñecemento. O incremento da información dispoñible sobre o complexo forestal será outra prioridade do vindeiro programa.

### **Outras actuacións**

Tamén se seguirá a primar a oferta de información con detalle territorial. Medir a renda municipal, estimar a carga estacional de poboación dos concellos ou actualizar os datos sobre poboación, paro, afiliacións e pensións, con detalle por cuadrícula de 1 ,m<sup>2</sup>, formarán parte do programa estatístico de 2024.

A elaboración da matriz de contabilidade social ou a difusión de información sobre escenarios macroeconómicos e posición cíclica son outras actividades programadas que enriquecerán o coñecemento da economía galega.

O IGE seguirá a realizar as grandes enquisas dos programas anteriores: Enquisa de poboación activa e Enquisa estrutural a fogares.

### **Terceiro programa do Plan galego de estatística 2022-2026**

Este é o terceiro programa do Plan galego de estatística 2022-2026. O plan asume expresamente o código de conduta adoptado polo Comité do Sistema Estatístico Europeo, que recolle os principios de independencia profesional do persoal estatístico, imparcialidade, obxectividade e transparencia, entre outros. Por tanto, a organización estatística de Galicia queda sometida a estes valores e o Goberno galego comprométese a respectalos e impulsalos.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### A XUNTA DESTINARÁ 1,8 M€ PARA REVALORIZAR O POTENCIAL TURÍSTICO DOS PORTOS DEPORTIVOS GALEGOS

- O Consello da Xunta autoriza un convenio coa Asociación de Clubes Náuticos de Galicia para impulsar o turismo náutico na Comunidade galega
- Inclúense accións como a mellora das infraestruturas ou a dixitalización de recursos para optimizar a experiencia da persoa visitante interesada neste tipo de turismo

O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura dun convenio de colaboración por 1,8 M€ entre Turismo de Galicia e a Asociación de Clubes Náuticos de Galicia (Asnauga) para o impulso do turismo náutico a través da realización de distintas actividades e a revalorización do potencial turístico dos portos de Galicia. É unha das accións incluídas no Plan territorial de sustentabilidade turística do litoral, posto en marcha polo Goberno galego con fondos NextGeneration.

En virtude deste convenio revalorizaranse os activos turísticos vinculados ao turismo náutico, con accións de mellora da eficiencia das infraestruturas portuarias galegas, a mellora dos servizos, a rehabilitación de infraestruturas e a dixitalización de recursos para optimizar a experiencia do visitante náutico en Galicia, entre outras accións.

Preténdese así unha maior integración e cohesión, se estas infraestruturas teñen os servizos e a calidade necesarios para desenvolver a oferta turística náutica dos destinos costeiros galegos a través da creación de servizos costeiros nas rías, a creación e promoción de proxectos de emprendementos innovadores, o desenvolvemento de actividades e deportes náuticos, entre outras.

#### **Impulso ao litoral**

Tomando como referencia os casos de éxito en Francia, Alemaña ou Portugal no ámbito do turismo fluvial, búscase conseguir que os portos volvan ser a porta principal de entrada para a visita turística ao territorio e aos municipios, co propósito de que se vexa no turismo náutico un potencial para ofrecer mobilidade e servizos de acollida desde o litoral.

O convenio asínase coa asociación Asnauga, a única existente en Galicia que representa o sector e que está formada por 31 entidades náuticas cuxo obxectivo é promover e comercializar o turismo náutico en Galicia.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### A XUNTA LANZA UNHA NOVA CONVOCATORIA DE AXUDAS DE 5,5 M€ PARA FOMENTAR O TURISMO ENOGASTRONÓMICO E FACILITAR QUE AS ADEGAS SEXAN VISITABLES

- Subvencionarase o embelecemento de establecementos hoteleiros, de restauración e adegas que divulguen a cultura vitivinícola e gastronómica galega
- Impulsarase a creación de programas dixitais vinculados a experiencias de turismo enogastronómico para os visitantes con APP ou realidade aumentada, entre outras
- Apoiaranse proxectos de ampliación de prazas de aloxamento que estean vinculadas á posta en marcha de experiencias enogastronómicas

O Consello da Xunta informou hoxe da creación dunha nova convocatoria de axudas dotada de 5,5 M€ para fomentar o turismo enogastronómico con medidas que sufragarán o embelecemento de establecementos de aloxamento, restauración e adegas, a posta en marcha de proxectos dixitais vinculados a recursos enogastronómicos ou a ampliación e mellora da capacidade de aloxamento para este tipo de turismo. A iniciativa aprobada hoxe enmárcase no Plan territorial de enogastronomía de Galicia, posto en marcha por Turismo de Galicia con fondos NextGeneration.

As axudas teñen tres liñas de actuación. A primeira conta cun orzamento de 2.610.000 euros e impulsará a adecuación e o embelecemento de establecementos turísticos (hoteleiros ou de restauración) para a posta en valor de servizos de enoturismo (servizos específicos de adega, actividades dirixidas ao coñecemento e divulgación de todo o relacionado co viño, elaboración, degustación...). Estes establecementos turísticos deberán estar vinculados a unha adega e/ou a parte dos seus viñedos.

Nesta liña de embelecemento tamén poderán optar adegas vinculadas a establecementos turísticos que permitan ser visitadas polos turistas. Sufrágase a implantación dun proxecto novo ou a ampliación dun proxecto existente, que poderá consistir na adecuación do centro para a recepción e atención de visitantes, do percorrido para a visita, así como dos espazos destinados a exposición ou museo. En ambos os casos, sempre que se ten que traballar con denominación de orixe protexida ou que teñan certificación Viños da Terra.

#### **Dixitalización**

A segunda liña, con 590.000 euros, sufragará proxectos dixitais promovidos por establecementos turísticos de aloxamento e restauración que poñan en valor produtos vitivinícolas e gastronómicos e favorezan a visita (conectividade, uso de aplicacións móbiles, realidade aumentada, creación de contornos de realidade virtual, xogos, visitas virtuais...). Tamén inclúe o desenvolvemento tecnolóxico aplicado ao márketing turístico, a personalización, o desenvolvemento de contidos audiovisuais de calidade e o uso de ferramentas interactivas (*photocall* interactivo, cartelaría interactiva...).

A terceira das liñas de actuación, de 2.300.000 euros, sufragará a ampliación e a mellora da capacidade de aloxamento que impliquen a dotación de novas prazas de aloxamentos,

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

respecto das inscritas no REAT, e que estean vinculados á posta en marcha de experiencias enogastronómicas, tales como visitas en orixe que poñan en valor o proceso de creación da materia prima, o seu coidado, recolección, procesamento, elaboración do produto final, así como experiencias interactivas de cociña ou *showcooking*, degustacións e catas.

As experiencias deberán incluír entre os seus produtos principais, polo menos, un produto que conte con denominación de orixe protexida de Galicia, Indicación xeográfica protexida de Galicia ou a certificación Viños da Terra, ou que dispoñan do selo de destino Galicia Calidade. O procedemento de concesión das axudas tramitarase en réxime de concorrencia non competitiva.

### **Plan de sustentabilidade enogastronomía de Galicia**

Esta liña de subvencións enmárcase nos distintos proxectos que a Xunta de Galicia está facendo realidade cos fondos europeos que foron asignados á Comunidade galega co Plan de recuperación, transformación e resiliencia da Unión Europea. En concreto, forma parte do Plan territorial de enogastronomía de Galicia, deseñado pola Xunta no horizonte de 2025, con 34,5 M€, e que está composto con tres accións de cohesión en forma de liñas de axuda –unha delas é a aprobada hoxe–, así como 13 plans de sostibilidade turística en destino, dos cales se benefician un total de 80 concellos galegos.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **A XUNTA APOIA A MELLORA DE CALIDADE DE VIDA LOCAL E A DINAMIZACIÓN DO MOVEMENTO VECIÑAL CON 3 M€ PARA AS AXUDAS A ASOCIACIÓNS DE VECIÑOS E DE MULLERES RURAIS E ÁS COMUNIDADES DE USUARIOS DE AUGAS DE GALICIA**

- As axudas que se conceden poden acadar a totalidade do investimento realizado, cun límite máximo por entidade de 12.000 euros para a realización de obras e de 5.000 euros para a dotación de equipamentos
- A través desta orde de axudas fináncianse os investimentos nos inmobles da súa titularidade e na adquisición do material necesario para o seu funcionamento

O Consello da Xunta aprobou hoxe o proxecto do acordo polo que se autoriza a convocatoria da subvención para 2024 en réxime de concorrencia competitiva, dentro do Plan específico de acción comunitaria, destinada a asociacións, confederacións, federacións ou unións de asociacións de veciños, comunidades de usuarios de augas e asociacións de mulleres rurais de Galicia, por un importe de 3 millóns de euros.

Estas axudas enmárcanse no compromiso do Goberno galego co asociacionismo local polo seu importante papel na dinamización da vida social e cultural da contorna e na mellora da calidade de vida da cidadanía. Ademais, estes colectivos son o ámbito máis próximo á veciñanza e, polo tanto, constitúen unha canle fundamental para trasladar as súas demandas.

As entidades beneficiarias deberán estar inscritas no Rexistro de Asociacións da Comunidade, no caso das entidades veciñais e de mulleres rurais, e no libro de rexistro de augas do correspondente organismos de bacía como titulares de aproveitamento de augas. Todas elas deberán conter na súa denominación a identificación como asociación de veciños, federación, confederación ou unión de asociacións de veciños ou como asociación de mulleres rurais.

A través desta orde, o Goberno galego contribúe a mellorar a calidade da vida local e a fomentar e dinamizar o asociacionismo veciñal. Deste xeito, poderán ser obxecto de subvención os gastos ocasionados como consecuencia de investimentos realizados en inmobles de titularidade das entidades solicitantes ou sobre os cales teña dereito de uso, no caso das asociacións de veciños e de mulleres rurais, así como os equipamentos necesarios para o seu funcionamento, todos eles orientados ao cumprimento dos fins da entidade e ao seu funcionamento ordinario, e as obras nas traídas de auga comunitarias.

Entre os proxectos subvencionables inclúense dúas liñas, unha delas dotada con 2,5 millóns de euros, para obras de acondicionamento, reforma e ampliación dos locais sociais onde as entidades veciñais e de mulleres rurais desenvolven a súa actividade e obras de mellora, reforma e reparación de infraestruturas e instalacións das traídas de auga comunitarias promovidas por comunidades de usuarios de augas.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A outra liña de axudas financia, cunha achega de 500.000 euros, a adquisición de equipamento necesario para o funcionamento das organizacións beneficiarias. En concreto, mobiliario, material de oficina, equipamento informático ou acústico e audiovisual, ademais doutro material básico para actividades específicas.

As axudas económicas que se concedan poderán acadar a totalidade do investimento realizado, cun límite máximo por entidade de 12.000 euros para realizar obras, e de 5.000 euros para a dotación de equipamentos.

A orde tramitarase en réxime de concorrencia competitiva, mediante a comparación das solicitudes presentadas segundo os criterios de valoración establecidos nela. Ademais, mantense a posibilidade da concesión de anticipos de ata o 100 %, que se farán efectivos unha vez realizada a notificación da subvención, por solicitude da entidade beneficiaria.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **RUEDA ANUNCIA QUE A XUNTA LICITA A CONSTRUCCIÓN OU REHABILITACIÓN DE 231 VIVENDAS PÚBLICAS PARA ALUGUEIRO SOCIAL EN SETE MUNICIPIOS POR PRETO DE 50 M€**

- O presidente salienta que todos estes inmobles se van destinar “ao alugueiro social”
- En concreto, o Goberno galego autorizou a licitación das obras para a construción de 127 vivendas en San Paio de Navia (Vigo), 74 en Valdecorvos (Pontevedra) e a recuperación de 30 entre Ferrol, Mondoñedo, Ourense, Viveiro e Ribadavia
- Estas actuacións enmárcanse no obxectivo da Xunta de “ampliar nun 50%” o parque público residencial “ata chegar ás 5.600 vivendas en 2026”

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, anunciou que o Consello deu hoxe o visto e prace á licitación das obras de construción ou de rehabilitación “de 231 vivendas públicas en sete concellos galegos”. O Goberno autonómico vai investir “preto de 50 millóns de euros” nestes inmobles que, tal e como explicou Rueda, “se van destinar a alugueiro social”.

En concreto, as actuacións autorizadas polo Consello da Xunta supoñen levantar 127 vivendas de promoción pública (VPP) en Vigo, outras 74 en Pontevedra e a recuperación doutras 30 entre Ferrol, Ourense, Mondoñedo, Viveiro e Ribadavia.

Deste xeito, o Instituto Galego da Vivenda e Solo (IGVS) poderá adjudicar e iniciar as obras ao longo de 2024 reforzando así o parque público da Xunta na comunidade. As vivendas adjudicaranse en réxime de alugueiro entre as persoas inscritas no Rexistro único de demandantes de vivenda nas correspondentes localidades.

As 127 vivendas de Vigo repártense en tres promocións en San Paio de Navia que suman un importe de licitación de máis de 26 millóns de euros. A primeira delas, na parcela M-IVB-25, suporá a construción de 46 vivendas por un importe de licitación de máis de 9,7 millóns de euros. O inmovible contará con 16 vivendas de dous dormitorios, 22 de tres e oito de catro ademais de 99 prazas de garaxe e 46 rochos.

A segunda promoción, na parcela M-IVB-21 de San Paio de Navia, permitirá levantar 40 vivendas cun importe de licitación de 8,5 millóns de euros. O inmovible terá 20 vivendas de dous dormitorios, 19 de tres e unha de catro dormitorios. A elas engádense 66 prazas de garaxe e 40 rochos.

A terceira de Vigo, na parcela M-IVA-8, suporá a construción de 41 vivendas -20 de dous dormitorios, 20 de tres e unha de catro-, 74 prazas de garaxe e 41 rochos por un importe de licitación de 7,8 millóns de euros.

As 74 VPP de Pontevedra construíranse en Valdecorvos por un importe de licitación de máis de 15,6 millóns de euros. O inmovible, de catro bloques e seis andares, inclúe 144 prazas de aparcamento, 74 rochos, cinco locais comerciais e un local comunitario. As 74 vivendas repártense entre 20 de dous dormitorios, 50 de tres e 4 de catro dormitorios.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Á licitación destas actuacións engádense outras relacionadas co Programa Rexurbe que permitirán recuperar 30 vivendas nos municipios de Ferrol, Mondoñedo, Ourense, Viveiro e Ribadavia cun investimento de máis de 7 millóns de euros.

O concello con máis proxectos neste eido é o de Ferrol, con seis, para a rehabilitación de 13 vivendas para alugueiro social cun orzamento total de máis de 3 millóns de euros. Faranse traballos no número 17 da rúa Benito Vicetto, no 22-24 da rúa Castro, nos números 18, 46 e 59 da rúa Espartero e no número 13 da rúa San Francisco.

Mondoñedo conta con catro proxectos para rehabilitar sete vivendas por máis de 1,5 millóns de euros. As actuacións afectarán ao número 24 da praza Muíños de Arriba, aos números 7 e 9 da rúa Guevara, ao número 4 da rúa Peña de Francia e ao número 30 da rúa Febreiro.

En Ourense rehabilitaranse cinco vivendas no número 3 da rúa Manuel Sueiro cun orzamento base de licitación de algo máis dun millón de euros, en Viveiro tres vivendas entre o número 22 da rúa Rosalía de Castro e os 15-17 da rúa Fernández Victorio por máis de 720.000 euros e en Ribadavia dúas vivendas no número 3 da praza San Xoán cun orzamento de máis de 460.000 euros.

### **Estratexia**

Estas actuacións a cargo do IGVS enmárcanse na Estratexia para a promoción de vivenda pública e o impulso da vivenda protexida aprobada polo Consello o pasado mes de marzo e que, tal e como explicou o presidente, se marca como obxectivo principal "incrementar nun 50% o actual parque público residencial de Galicia ata alcanzar as 5.600 vivendas no ano 2026".

A tal fin, están en licitación ou construción un total de 375 vivendas públicas nas cidades de Vigo, Pontevedra, A Coruña e Santiago cun investimento estimado de máis de 76 millóns de euros e outras 395 atópanse en fase de redacción de proxecto.



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### A XUNTA PACTA COS SINDICATOS UNHA NOVA CONVOCATORIA PARA O ACCESO Á CARREIRA ADMINISTRATIVA

A carreira administrativa é un sistema voluntario e consolidable que recoñece o desempeño do persoal empregado público e a súa formación

O Consello da Xunta autorizou hoxe os acordos entre o Goberno galego e as organizacións sindicais para abrir unha nova convocatoria de acceso á carreira administrativa do persoal funcionario e un complemento equivalente para o persoal laboral.

Os acordos foron acadados con CC.OO, UXT e CSIF no caso do persoal funcionario, e con CC.OO. e UXT no caso do persoal laboral.

A carreira administrativa é un sistema voluntario e consolidable de carácter ordinario e extraordinario que recoñece o desempeño e a formación continua dos empregados e empregadas públicos (funcionarios/as e laborais) con independencia de que sexa persoal fixo ou temporal.

Este sistema ten vocación de estenderse a todos servizos públicos autonómicos, e dá resposta a unha reivindicación histórica das organizacións sindicais. O seu obxectivo principal é favorecer a motivación do persoal empregado público e a súa mellor formación nunha época de grandes cambios tecnolóxicos e organizativos.

A carreira administrativa conta con dous réximes de aplicación: un réxime ordinario cun grao inicial e catro graos máis, aos cales se accede cunha determinada permanenza no grao anterior sempre que se cumpran os requisitos. Para acceder ao grao I é necesaria unha antigüidade de cinco anos desde a adquisición do grao inicial; seis anos desde a adquisición do grao I para o acceso ao grao II (igual que para acceder do grao II ao III); e sete anos desde a adquisición do grao III para acceder ao grao IV.

En canto ao réxime extraordinario ten a finalidade de adiantar os tempos e que os empregados públicos cunha maior antigüidade poidan acceder anticipadamente aos distintos graos.

Para poder progresar na carreira terase en conta, entre outros criterios, a actividade profesional, a formación e innovación, a implicación e o compromiso coa organización ou a participación en iniciativas e programas especiais, en liñas de traballo específicas ou transversais, en procesos de cambio e na implantación de novos sistemas.

O persoal empregado público percibirá de xeito progresivo unha contía anual por cada grao acadado que vai desde os 801€ ata os 2.589€ segundo a súa categoría profesional.

#### **Nova convocatoria**

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Esta nova convocatoria de recoñecemento extraordinario dos graos I e II da carreira administrativa e do complemento de desempeño (no caso de persoal laboral) permitirá que o persoal empregado público que conte con 5 anos de antigüidade a 31 de decembro deste ano poidan acceder ao grao I da carreira administrativa ou do complemento de desempeño. Así mesmo, aquelas persoas empregadas públicas que teñan 11 anos de antigüidade nesa data poderán solicitar o recoñecemento extraordinario do grao II.

Ademais, amplíase o ámbito de recoñecemento da carreira administrativa ao persoal doutra Administración Pública que presta servizos na Xunta de Galicia; e pasan a computar a efectos de carreira administrativa os servizos prestados noutras Administracións Públicas ou os servizos prestados como persoal estatutario ou como funcionario da Administración de Xustiza, tal e como viñan demandando as organizacións sindicais.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

# A XUNTA PORÁ EN MARCHA UNHA PLATAFORMA PARA MODERNIZAR E SIMPLIFICAR OS INSTRUMENTOS DE PLANIFICACIÓN TERRITORIAL E URBANÍSTICA

Concellos e organismos implicados na xestión destes trámites terán un punto único para a presentación, consulta e seguimento de todo o proceso

A Xunta porá en marcha unha plataforma para modernizar e facilitar a simplificación administrativa dos instrumentos de planificación territorial e urbanística. Así se desprende do contrato autorizado hoxe polo Consello do Goberno galego e que licitará, nos vindeiros días, a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia.

A futura Plataforma urbanística dixital de Galicia, cuxo desenvolvemento está previsto na Lei 2/2016, do solo de Galicia, facilitaralles aos concellos e organismos implicados a xestión electrónica, integral e automatizada dos diferentes plans de ordenación territorial e urbanística, así como dos procedementos vinculados a eles, co obxectivo final de acadar un proceso normalizado, transparente e automatizado e a xestión nas oficinas provinciais de urbanismo das autorizacións e licenzas de obras.

O contrato autorizado hoxe permitirá o desenvolvemento da primeira fase da plataforma, que abrangue catro compoñentes: un portal de urbanismo, punto de acceso das entidades implicadas na tramitación; a plataforma de tramitación, que permitirá a xestión integral dos expedientes urbanísticos e proporcionará as funcionalidades para tramitar os instrumentos de planificación territorial e urbanística; un nodo de coordinación para o intercambio de información entre sistemas; e un módulo para a visualización da información cartográfica dos expedientes urbanísticos.

### **Compoñentes para unha tramitación integral**

O portal de urbanismo será o punto de contacto coas entidades que participan na tramitación da planificación territorial e urbanística e, nunha segunda fase, tamén lle permitirá á cidadanía a consulta dos plans e a participación en procesos de consulta pública.

Na primeira fase da plataforma, o portal de urbanismo permitiralles aos concellos o inicio e seguimento dos trámites, a presentación da documentación e a consulta do procedemento. E, tamén, será o punto de acceso para que os organismos implicados nestes procesos emitan informes e participen nas diferentes fases de revisión dos plans.

A plataforma de tramitación dará soporte á xestión electrónica integral dos procedementos vinculados á planificación territorial e urbanística. Será o sistema que permitirá crear ou actualizar expedientes, así como a xestión de todo o ciclo de vida do proceso, e facilitará a automatización de procesos como a comprobación de datos, a actualización de expedientes ou a xeración de avisos e alertas.

Outro dos compoñentes da plataforma será o nodo de coordinación urbanística, que facilitará o intercambio de información e documentación de xeito electrónico entre os

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

diferentes axentes implicados. Ademais, a plataforma disporá dun módulo SIX, que permitirá a visualización cartográfica dos expedientes urbanísticos.

A primeira fase da plataforma conta cun orzamento de 2.642.400,00 euros, susceptible de cofinanciarse pola Unión Europea nun 60 %, con cargo ao programa de Galicia Fedder 2021-2027, para o período 2024-2025.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **A XUNTA INVESTIRÁ MÁIS DE 5,7 M€ EN CREAR UNHA REDE DE CONTROL EN TEMPO REAL DOS SISTEMAS DE ABASTECIMENTO DE AUGA EN CONCELLOS DE MENOS DE 20.000 HABITANTES**

- O Consello da Xunta autorizou hoxe a contratación do desenvolvemento, implantación e posta en marcha dunha rede de estacións dixitais de monitorización de sistemas de abastecemento de auga potable en alta nesas municipios
- O obxectivo é dispor de novas ferramentas dixitais para reforzar o apoio da Xunta aos concellos para unha mellor xestión do servizo de abastecemento de auga
- A previsión é poder licitar estes traballos de forma inmediata para iniciais no segundo semestre de 2024

O Consello da Xunta deu hoxe o seu visto e praxe ao investimento de máis de 5,7 M€ no impulso da dixitalización para a xestión en tempo real dos sistemas de abastecemento municipal en concellos de menos de 20.000 habitantes.

Trátase de desenvolver, implantar e pór en marcha unha rede autonómica de estacións dixitais de monitorización de sistemas de abastecemento de auga potable en alta nesas municipios.

O obxectivo desta actuación é dispor de novas ferramentas dixitais para reforzar o apoio que a Xunta lles presta aos concellos para acadar unha mellor xestión do servizo de abastecemento de auga á veciñanza.

Os traballos permitirán proporcionarlles aos responsables dos sistemas de abastecemento de auga mecanismos con que xestionalos en tempo real e de forma remota, a través da implantación e posta en marcha dunha serie de estacións dixitais de monitorización.

A Xunta, a través deste contrato, disporá dun sistema de información que lle permita recompilar, visualizar, supervisar e compartir información relativa ao funcionamento destes sistemas de abastecemento monitorizados.

Este contrato conta cun prazo de execución de 20 meses e será financiado pola Unión Europea a través do NextGenerationEU, cos fondos procedentes do Plan de recuperación e resiliencia.

#### **Os traballos**

A Lei de mellora da xestión do ciclo integral da auga establece que forman parte deste ciclo as infraestruturas de titularidade pública necesarias para a prestación tanto dos servizos de abastecemento como de saneamento e depuración de augas residuais, de competencia municipal. Mediante esta lei, a Xunta persegue unha xestión dos recursos hídricos máis racional e sostible, emparellada cunha xestión destes servizos públicos máis coordinada, profesional e eficiente.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Para o cumprimento dos obxectivos pretendidos, os traballos e actividades que se desenvolverán no marco deste contrato comezarán pola selección dos sistemas de abastecemento de auga potable en alta de menos de 20.000 habitantes. Neste caso, a través deste servizo darase apoio a Augas de Galicia na selección dos sistemas onde se desenvolverá esta iniciativa, incluíndo a elaboración dun informe de diagnóstico de cada un deses sistemas.

Isto permitirá, a continuación, a elaboración dunha proposta específica de dixitalización para cada un dos sistemas de abastecemento seleccionados por Augas de Galicia para formar parte da Rede autonómica de estacións dixitais de monitorización do abastecemento.

Nesta parte do traballo incluírase o deseño das estacións de medición e rexistro necesarias en cada caso, a selección dos instrumentos de medición máis axeitados aos condicionantes de cada sistema de abastecemento, a proposta dos sistemas de rexistro e control, de comunicación e as fontes de enerxía que resulten máis axeitadas.

A seguinte fase dos traballos consistirá na implantación das propostas específicas desenvolvidas en cada un dos sistemas de abastecemento seleccionados, nos cales se incluírán desde a planificación de todos os traballos que se deberán executar para cada instalación ou infraestrutura hidráulica ata os equipos e a maquinaria precisa para cada un deles.

Tamén se recollen nesta etapa os traballos previos necesarios, a realización dos pedidos e a contratación dos compoñentes das estacións de medición e rexistro que sexa preciso implantar, así como as comprobacións finais do seu correcto funcionamento. Inclúense, ademais, a conexión e o enlace cos centros de xestión de datos locais e coa plataforma de xestión de datos autonómica.

Como seguinte fase do proceso, deseñaranse, desenvolveranse e implementaranse os centros de xestión de datos locais e da plataforma de xestión de datos autonómica, que deberán garantir o acceso con diferentes niveis de permisos aos distintos usuarios e permitir a implantación de futuras melloras, posibilitando o desenvolvemento de novas ferramentas cando sexan necesarias.

Deste xeito, crearase un centro de xestión de datos locais en cada un dos concellos seleccionados, consistente nunha aplicación informática multiusuario.

Tamén se deseñará a plataforma de xestión de datos autonómica, baseada no desenvolvemento dun sistema informático avanzado, que permitirá mellorar a xestión e o coñecemento da rede de abastecemento en alta e o uso do recurso por parte de Augas de Galicia e os axentes involucrados na xestión da auga.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Os traballos concluirán coa posta á disposición de todo o sistema comprendido polas estacións de medición e rexistro, os centros de xestión de datos locais e a Plataforma de xestión de datos autonómica en condicións plenamente operativas.

Unha vez autorizada hoxe polo Consello da Xunta a contratación do servizo de apoio á dixitalización do abastecemento en entidades locais de menos de 20.000 habitantes, o obxectivo é licitar os traballos de forma inmediata para inicialos no segundo semestre de 2024.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### A XUNTA AUTORIZA A COLABORACIÓN CO CONCELLO DE FERROL PARA A RECUPERACIÓN DA FACHADA MARÍTIMA DA CIDADE CUN INVESTIMENTO CONXUNTO DE 11 M€

- As actuacións de fomento da mobilidade sostible previstas para «Abrir Ferrol ao mar» daránlle continuidade ás que se están a executar na zona portuaria
- As obras desenvolveranse en tres treitos, desde Ferrol Vello ata Caranza, e contribuirase á mellora paisaxística e da mobilidade
- No primeiro treito, entre Curuxeiras e o inicio da avenida de Esteiro, habilitarase un carril bici, itinerarios peonís accesibles, aparcadoiros e mellora da seguridade viaria
- O segundo treito mellorará a contorna dos estaleiros no barrio de Esteiro ata o Campus e o Tercio Norte, reordenando a circulación, creando un carril bici e espazos peonís seguros e accesibles, ademais dun aparcadoiro disuasorio
- No terceiro treito, en Caranza e Telleiras, construíranse estacionamentos disuasorios na zona do auditorio, con capacidade para 100 vehículos, e disporanse áreas recreativas

O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura dun convenio de colaboración co Concello de Ferrol para a recuperación da fachada marítima da cidade mediante un investimento conxunto de 11 M€.

O acordo autorizado hoxe para «Abrir Ferrol ao mar» establece que a Xunta financiará integramente a redacción dos proxectos e cofinanciará a execución das obras nunha porcentaxe do 50 %, cunha achega de máis de 5,7 M€. Pola súa banda, o Concello de Ferrol cofinanciará as obras nun 50 %, cunha contía de preto de 5,3 M€ e xestionará as autorizacións necesarias.

Con estas novas actuacións darase continuidade ás intervencións que está a impulsar a Xunta, en colaboración coa Autoridade Portuaria de Ferrol-San Cibrao, para o fomento da mobilidade sostible mediante a integración urbana e a mellora do tránsito peonil e ciclista na estrada baixa do porto e na dársena de Curuxeiras.

O Concello de Ferrol e o Ministerio de Defensa acaban de ratificar un acordo que permitirá eliminar o actual peche das instalacións militares do Arsenal. As actuacións incluídas no convenio autorizado hoxe polo Consello da Xunta permitirán aproveitar este espazo urbano para transformalo e dispor novos espazos para tránsito peonil e ciclista.

As intervencións proxectadas contribuirán á mellora estética e paisaxística e, ademais, redundarán especialmente na optimización da mobilidade, ao configurar un itinerario funcional e sostible.

As actuacións desenvolveranse en tres treitos en barrios e espazos diferentes da cidade, desde Ferrol Vello ata Caranza, pero funcionando de xeito complementario.

#### **Actuacións**



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O primeiro treito abrangue parte de Curuxeiras e chega ata o inicio da avenida de Esteiro, cunha actuación que lle dará continuidade ao carril bici que está en construción.

A actuación desenvolverase ao longo dunha vía de 1,4 km de lonxitude, na cal se reordenará a circulación rodada e se mellorará a seguridade viaria e o tránsito peonil e ciclista. De xeito máis concreto, levarase a cabo a prolongación do carril bici ata a súa conexión co centro urbano, pola rúa Irmandiños e polo barrio da Magdalena. Ademais, crearanse itinerarios e espazos peonís accesibles a través do acondicionamento de accesos transversais ata os barrios de Ferrol Vello e da Magdalena e aos equipamentos existentes.

Ademais, reordenaranse as prazas de estacionamento e disporase un aparcadoiro disuasorio.

No segundo treito actuarase para mellorar a contorna do Arsenal e dos estaleiros no barrio de Esteiro ao longo de 600 m de lonxitude.

Reordenarase a circulación rodada e mellorarase a seguridade viaria a través da ordenación da sección transversal, para dispor dunha calzada homoxénea e a eliminación das barreiras á accesibilidade.

Realizarase conexión co carril ciclista da avenida de Esteiro, na contorna dos estaleiros de Navantia, ata achegar ao campus universitario, pasando por centros educativos e deportivos. Esta actuación dá continuidade á do primeiro treito e creará un itinerario peonil e ciclista que conecta puntos estratéxicos da cidade.

Construirase un estacionamento disuasorio, con 200 prazas estimadas na contorna do estaleiro e das instalacións docentes e deportivas.


No terceiro treito, na zona de Caranza e Telleiras, as actuacións propostas sumaríanse ás que se están desenvolvendo ao longo da avenida das Pías polos ensanches, Esteiro, Telleiras e Caranza.

Neste caso, prevese reordenar e conectar os itinerarios peonís na beira costeira da enseada para integrar todas as infraestruturas a través do acondicionamento de accesos transversais.

Proxéctase a construción de estacionamentos disuasorios na contorna do auditorio, con capacidade para 100 vehículos e a disposición de áreas recreativas.

Plano de planta da actuación aprobada hoxe no Consello da Xunta:

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS



Tramo 1: vista xeral actual e infografía:



Tramo 2: vista xeral actual e infografía:

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS



Tramo 3: vista xeral actual e infografía:



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **A XUNTA ACORDA COLABORAR CO CONCELLO DE TRIACASTELA NA AMPLIACIÓN E MELLORA DA DEPURADORA MUNICIPAL, CUN INVESTIMENTO DE MÁIS DE 565.000 EUROS**

- Aumentarase a capacidade da estación de tratamento de augas residuais co obxectivo de poder servir a 611 habitantes fronte aos 350 da actual
- Optimizarase o funcionamento da planta cunha decantación primaria, adaptándose ás restricións de espazo da parcela existente, e un novo equipo de desinfección ultravioleta
- A Xunta achegará o 90 % do financiamento da actuación, case 510.000 euros, e o Concello o 10 % restante, algo máis de 56.000 euros
- A entidade local debe realizar a tramitación municipal para que Augas de Galicia poida licitar as obras e inicialas no segundo semestre de 2024

O Executivo autonómico autorizou hoxe a sinatura do convenio de colaboración co Concello de Triacastela para executar as obras de ampliación e mellora da depuradora municipal, que suporán un investimento de preto de 566.162 euros.

O acordo aprobado na reunión semanal do Consello da Xunta permite a cooperación da Administración autonómica para aumentar a capacidade do servizo de depuración da estación de tratamento de augas residuais, co obxectivo de case duplicar a súa capacidade.

En relación cos obrigas dispostas na colaboración, a Consellería de Infraestruturas, a través de Augas de Galicia, achegará o 90 % do financiamento das intervencións, case 510.000 euros, e o Concello o 10 % restante, é dicir, algo máis de 56.500 euros.

As actuacións serán cofinanciadas pola Unión Europea a través do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader), no marco do Plan estratéxico da política agraria común (PAC) 2023-2027.

No que se refire aos compromisos establecidos no convenio, o Goberno galego, a través de Augas de Galicia, tamén levará a cabo a contratación e execución das obras, así como a súa dirección e xestión ata completar a súa finalización.

Pola súa banda, a entidade local asume a realización das xestións pertinentes para posibilitar a execución dos traballos e a recepción, mantemento e conservación das actuacións que se leven a cabo.

Unha vez autorizada hoxe esta colaboración, e tras a sinatura do convenio, procederase á consecución da documentación municipal preceptiva: a posta á disposición de terreos, a aprobación municipal do proxecto e o trámite de información pública.

Tras isto, a Xunta poderá iniciar a tramitación e licitación das obras, cuxa execución se prevé iniciar no segundo semestre do 2024. Os traballos teñen un prazo de 6 meses.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **O obxecto da colaboración**

A depuradora de Triacastela é unha depuradora de biodiscos dimensionada para 350 habitantes equivalentes. A súa capacidade resulta insuficiente para cubrir a poboación estacional.

O conxunto das actuacións permitirá aumentar a capacidade da depuradora a 611 habitantes equivalentes.

En concreto, as intervencións que se levarán a cabo comezarán pola retirada dos equipamentos e a demolición da obra civil do desareador, desengraxador, reactor de biodiscos, espesador, sistema de desinfección e decantador secundario.

Debido ás restricións de espazo da parcela, resulta necesario modificar a configuración existente co fin de engadir unha decantación primaria.

A decantación primaria realizarase mediante 2 tanques prefabricados cun volume unitario de 30 m<sup>3</sup>, e para o tratamento biolóxico prevese a instalación de 2 liñas de biodiscos de tipo compacto con cubeto prefabricado.

Na intervención dispórase dun decantador lamelar prefabricado con bombeo de lodos. Este bombeo disporá de dúas bombas (1+1R).

A depuradora dotarase dun novo equipamento de desinfección ultravioleta e desde a canle de desbaste executarase o *by-pass* da planta ao longo do camiño anexo, que conectará a saída dos tanques *Imhoff* e o sistema de desinfección ata o pozo existente previo ao punto de vertedura.

Ao finalizar a execución dos traballos levarase a cabo a pavimentación e o acondicionamento da zona.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **A XUNTA IMPULSA CON 15 M€ PROXECTOS ESTRATÉXICOS QUE UNEN I+D+I E INVESTIMENTO PRODUTIVO PARA CONTRIBUÍR AOS RETOS DA SOCIEDADE GALEGA**

- A Consellería de Economía, Industria e Innovación porá en marcha a convocatoria de misións de especialización intelixente de Galicia, a través da cal se avanzará en metas concretas centradas na adaptación ao cambio climático do sector primario; a redución dos gases de efecto invernadoiro e o incremento dos anos de vida saudable
- A convocatoria apoiará proxectos colaborativos que supoñan un investimento de ata 5 millóns de euros, nos cales participarán pemes, empresas tractoras, universidades, centros de coñecemento e tecnolóxicos
- A iniciativa, que se prevé publicar no Diario Oficial de Galicia a principios de 2024,ponse en marcha logo dun proceso participativo con máis de 500 achegas

O Consello da Xunta aprobou hoxe a posta en marcha da nova convocatoria de axudas para apoiar as misións de especialización intelixente de Galicia, unha iniciativa innovadora que contará con 15 millóns de euros para impulsar por primeira vez de xeito conxunto grandes proxectos de carácter estratéxico nos cales irán da man a I+D+i e o investimento produtivo. O obxectivo é contribuír a abordar grandes retos da sociedade centrados na adaptación ao cambio climático do sector primario galego; a redución dos gases de efecto invernadoiro e o incremento dos anos de vida saudable. Así, estes proxectos contribuirán tanto a abordar problemas que afectan directamente a calidade de vida da cidadanía como a mellorar a competitividade do tecido empresarial galego.

A convocatoria, que desenvolve a Consellería de Economía, Industria e Innovación a través da Axencia Galega de Innovación e do Igape, articúlase en torno a tres misións, consensuadas nun amplo proceso participativo en que se recibiron máis de 500 achegas. No marco da Estratexia de especialización intelixente (RIS3) de Galicia 2021-2027, cada misión establece unha meta para cada reto da RIS3 que supón un avance substancial á hora de afrontar diferentes desafíos de Galicia, con obxectivos concretos e medibles que buscan lograr impactos tanxibles nun prazo determinado.

A convocatoria, que se prevé publicar no Diario Oficial de Galicia (DOG) no primeiro trimestre de 2024, impulsa grandes proxectos colaborativos, favorecendo a concentración de recursos e fondos públicos e privados arredor de grandes obxectivos reais, de importancia estratéxica e con impacto na sociedade. Os proxectos deben contar cun orzamento entre 600.000 euros e 5 millóns de euros, cunha duración mínima de dous anos e máxima de tres anos e seis meses.

As entidades participantes deben formar un consorcio, no cal estarán como mínimo tres empresas, das cales polo menos unha debe ser tractora. Ademais, poderán formar parte do consorcio entidades como organismos de investigación, universidades, centros de I+D e tecnolóxicos, entidades e institucións sanitarias, empresariais ou entidades públicas e privadas sen ánimo de lucro. A contía máxima da axuda por proxecto determinarase

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

sobre o investimento subvencionable de cada beneficiario, e serán as pequenas empresas as que poden optar a unha maior intensidade de axuda.

### **Obxectivos concretos**

A primeira das misións centrarase en contribuír á mitigación e adaptación ao cambio climático do sector primario de Galicia, a partir da redución en 2030 nun 10 % da súa pegada de carbono, hídrica e ecolóxica mediante a circularidade e a simbiose entre actuacións, como así como a rexeneración dos ecosistemas.

A través da segunda misión búscase contribuír á redución do 57 % das emisións de gases de efecto invernadoiro en Galicia, con respecto a 1990, para o ano 2030, incrementando a reutilización de materias primas, produtos e materiais xa presentes no ciclo produtivo.

No tocante á terceira misión, ten por obxectivo contribuír, de cara ao 2030, a incrementar os anos de vida saudable de 84 a 88, mediante a redución de enfermidades ou problemas de enfermidades non transmisibles e a mellora da calidade de vida (hábitos e contornos saudables e seguros).

As misións teñen un carácter transversal e no avance cara ás súas metas buscan conxugar diferentes ámbitos científico-tecnolóxicos e cadeas de valor produtivas. Afrontan os desafíos propostos desde a I+D+i e o investimento produtivo, a través da xeración de coñecementos, o desenvolvemento de tecnoloxías e a aplicación de novas solucións orientadas especificamente a elas. Para o desenvolvemento destas misións, a RIS3 prevé a posta en marcha de instrumentos de apoio específicos, e será a convocatoria aprobada hoxe a primeira que se lanza para este fin.

Estas axudas, cofinanciadas pola Unión Europea ao abeiro do programa Galicia Feder 2021-2027, aproveitan todo o potencial estratéxico que ten a innovación como motor de transformación da sociedade e a economía, e impulsan a implementación dos seus resultados na realidade empresarial. Permiten integrar, no marco de cada proxecto, todas as fases necesarias para obter resultados científico-tecnolóxicos e produtivos, e subvenciónanse a investigación industrial, o desenvolvemento experimental e a innovación organizativa, en materia de procesos e produtos, así como o posible investimento produtivo relacionado coas actividades de I+D+i do proxecto.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### A XUNTA APROBA A PRINCIPAL LIÑA DE APOIO AO AUDIOVISUAL GALEGO CON 2,5 M€ PARA RODAXES

- A convocatoria recolle ata 13 tipoloxías de proxectos subvencionables como películas de ficción, documentais, curtas, series ou animación, entre outros
- Forma parte do programa global que acompaña empresas e cineastas anualmente desde a fase inicial de creación ata o momento final de comercialización

O Consello da Xunta aprobou hoxe as bases da nova convocatoria de subvencións a proxectos de produción e coprodución audiovisual de contido cultural galego durante 2024, o que permitirá levar a cabo un amplo abano de rodaxes na Comunidade. Con este fin, consolida novamente unha dotación de 2,5 millóns de euros en réxime de concorrencia competitiva como principal liña de investimento directo no sector.

Estas axudas, que a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades xestiona a través da Axencia Galega das Industrias Culturais, contribúen a acadar produtos de calidade con proxección interior e exterior, e forman parte do programa integral de apoio polo que se dota de financiamento ás empresas en todo o proceso audiovisual: promoción do talento na creación, preproducción, produción, difusión e comercialización.

En concreto, as bases das subvencións a producións e coproducións audiovisuais diríxense especificamente a produtoras audiovisuais independentes para catro categorías e 13 submodalidades de proxectos. Neste senso, os traballos poden ser longametraxes cinematográficas de ficción, documentais ou de animación, longas en coprodución internacional con participación minoritaria española, curtametraxes ou películas e series para seren emitidas por televisión ou plataformas.

A ampla tipoloxía de formatos que poden optar a este financiamento permite manter un equilibrio para resultar accesible a todas aquelas empresas que acrediten un ano de antigüidade sen interrupcións na actividade, o que dá cabida tanto a propostas máis ambiciosas respecto ao seu deseño de produción e orzamento como a outras máis modestas, pero de grande interese artístico e cultural. Son exemplo disto títulos como *O corno*, *Matria*, *Sica*, *O corpo aberto*, *Operación Marea Negra* ou *Unicorn Wars*.

Os criterios de selección dos proxectos subvencionados están moi relacionados co territorio en canto ás localizacións de rodaxe, os estudos ou os profesionais creativos, técnicos e artísticos implicados, pero tendo en conta ao mesmo tempo a calidade dos contidos e o seu potencial de circulación a nivel estatal e internacional.



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **GALICIA RENOVA A SÚA ESTRATEXIA DE LOITA CONTRA A POBREZA E A EXCLUSIÓN SOCIAL CON OBXECTIVOS ATA 2030**

- Na súa elaboración participaron varios departamentos da Xunta, concellos, entidades e axentes sociais
- Estrutúrase en cinco metas ou eixes centrais, que son: previr os riscos de pobreza e exclusión social; reducir a pobreza, en especial a pobreza infantil; promover a inclusión territorial rural e urbana; acadar uns servizos sociais de inclusión máis eficaces e innovadores; e prestar unha atención integral e personalizada
- Contén 21 obxectivos específicos e 143 liñas de actuación, e dótase dun orzamento de 1.061 millóns de euros, o dobre que o anterior

O Consello da Xunta de hoxe aprobou a nova Estratexia de inclusión social de Galicia 2030, que é a folla de ruta que guiará as políticas e as actuacións contra a pobreza e a exclusión na nosa Comunidade durante os vindeiros oito anos. Con ela, renóvase a anterior, desenvolvida no período 2014-2022, para dar respostas máis actualizadas, eficaces e adaptadas á realidade e contexto social.

Na súa elaboración participaron varios departamentos da Xunta de Galicia, concellos, entidades e axentes sociais. A nova estratexia estrutúrase en cinco metas ou eixes, contén 21 obxectivos específicos e 143 liñas de actuación e dótase dun orzamento de 1.061 millón de euros, o dobre que o anterior.

En concreto, os cinco eixes centrais desta proposta son: previr os riscos de pobreza e exclusión social; reducir a pobreza, pondo especial atención na pobreza infantil; promover a inclusión territorial rural e urbana, a través do fortalecemento dos servizos comunitarios e a xeración de oportunidades; acadar uns servizos sociais de inclusión máis eficaces e innovadores; e prestar unha atención integral e personalizada adaptada a cada situación das persoas destinatarias.

#### **Medidas**

Cada un destes cinco eixes centrais contén os seus propios obxectivos e medidas para afrontar diversas situacións. Por exemplo, o risco de illamento social e de exclusión residencial, o acollemento e a integración das persoas inmigrantes, o benestar infantil, a cobertura de ingresos mínimos, a inserción laboral ou a aporofobia e a discriminación.

Esta nova Estratexia de inclusión social reforza o compromiso de seguir traballando pola mellora da calidade de vida das persoas máis vulnerables, ao tempo que se aposta pola prevención e a identificación de situacións incipientes de pobreza ou exclusión para evitalas ou corrixilas.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **RUEDA DESTACA QUE A XUNTA DESTINA 127 M€ Á ADQUISICIÓN DE FÁRMACOS CAR-T PARA O TRATAMENTO DE PACIENTES DE DETERMINADOS TIPOS DE CANCROS DO SANGUE**

- Resalta que o obxectivo é avanzar “cara unha medicina máis personalizada” con estas terapias avanzadas “que permiten recoñecer e destruír con mellor eficacia” as células tumorais
- Lembra que “59 pacientes galegos” xa foron tratados con este tipo de fármacos e que, desde 2021, xa non teñen que ser derivados fóra da comunidade senón que son tratados en centros galegos
- Salienta que Santiago de Compostela vai abrir o primeiro centro de fabricación de medicamentos CAR-T de España, que estará operativo o vindeiro 2024

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, anunciou hoxe que o Consello aprobou destinar 127 millóns de euros nos vindeiros dous anos “á adquisición de novos medicamentos CAR-T para pacientes con determinados tipos de cancro de sangue”. Trátase, segundo explicou, de avanzar cara unha medicina “cada vez máis personalizada e de precisión” a través destas novas terapias oncolóxicas que “que permiten recoñecer e destruír con mellor eficacia” as células tumorais.

Por unha banda, o Consello autorizou o expediente de contratación, mediante acordo marco cun único empresario, da subministración sucesiva do medicamento Tisagenlecleucel, por un valor estimado de 55.040.000 euros. Trátase dun medicamento CAR (Chimeric Antigen Receptor) actualmente dispoñible como alternativa para pacientes diagnosticados de determinados tipos de cancro do sangue.

E por outro lado, o Executivo galego tamén aprobou a contratación, mediante acordo marco cun único empresario, da subministración sucesiva do medicamento Axicabtagen Ciloleucel, por un valor estimado de 71.940.000 euros. Este fármaco, para pacientes diagnosticados de determinados tipos de cancros do sangue, tamén é un dos medicamentos CAR actualmente dispoñibles como alternativa de tratamento.

O Acordo marco para a contratación destes medicamentos terá unha duración de dous anos e poderá ser obxecto de prórroga. A duración total dos mesmos e as súas prórrogas non poderá exceder de catro anos.

Para a fabricación dos CAR-T as células utilizadas son os linfocitos T que se extraen do propio paciente a través dunha técnica de leucoaférese, para ser modificados xeneticamente in vitro (no laboratorio) e así, unha vez inoculados de novo ao doente, teñan máis capacidade para recoñecer e destruír as células cancerosas.

**Máis de 26 tratamentos CAR-T administrados na sanidade pública galega**

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Os medicamentos CAR-T constitúen unha nova estratexia terapéutica para patoloxías que revisten especial gravidade. Cómpre remarcar que, nos últimos anos, a terapia CAR converteuse nunha innovadora estratexia de tratamento contra o cancro, formando parte da familia dos medicamentos de terapia avanzada, e que a diferenza dos medicamentos tradicionais, obtéñense a partir de compoñentes vivos manipulados que neste caso son células.

Estes fármacos pódense elaborar desde a industria farmacéutica (os chamados CAR-T comerciais) ou desde o sector público (CAR-T académicos).

Para a xestión das solicitudes de terapia avanzada, tanto do circuío industrial como do académico, Galicia conta coa Unidade de Coordinación de Medicamentos de Terapias Avanzadas (COMETA), adscrita á Subdirección Xeral de Farmacia do Sergas, para dispoñer dun modelo organizativo e asistencial común para toda Galicia que dea resposta aos retos que se formulan.

O presidente resaltou que, ata agora, "59 pacientes galegos foron tratados con terapias CAR-T" e que desde "2021 xa non é preciso derivalos a hospitais de fóra da comunidade" senón que reciben na comunidade este tratamento.

Ademais, unha das grandes apostas na loita contra o cancro postas en marcha pola Xunta foi a creación dun centro de fabricación de terapias avanzadas, que supón o impulso á atención personalizada dos enfermos desta patoloxía.

O centro, que conta investimento de máis de tres millóns de euros, está a ultimar os preparativos para o inicio da fabricación de CAR-T académicos nos primeiros meses de 2024. Tal e como salientou Rueda, Santiago será a primeira cidade de España en contar cun centro destas características.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### A XUNTA INTEGRA AS FUNDACIÓNS DE INVESTIGACIÓN SANITARIA GALEGAS NO SECTOR PÚBLICO AUTONÓMICO

- Desde o vindeiro 1 de xaneiro de 2024, as tres fundacións de investigación sanitaria galegas estarán adscritas á Consellería de Sanidade, a través do Servizo Galego de Saúde
- O acordo levará aparellada a modificación dos seus estatutos, cambios no seu réxime xurídico e o troco da denominación oficial destes centros de investigación
- A actuación engádese a outras melloras levadas a cabo nas condicións do persoal investigador, como son a homoxeneización das condicións retributivas dos profesionais investigadores do Sergas ou a convocatoria dunha OPE de estabilización con 34 prazas, que xa está marcha

O Consello da Xunta aprobou esta mañá, na súa reunión semanal, a integración no sector público autonómico das tres fundacións de investigación sanitaria con que conta a Comunidade galega.

Desde o vindeiro día 1 de xaneiro, as fundacións estarán adscritas á Consellería de Sanidade, a través do Servizo Galego de Saúde. Así, a súa incorporación ao sistema público comportará unha serie de cambios, entre os cales se encontran a modificación dos seus estatutos e o cambio dos nomes oficiais.

Deste xeito, recollerase no seu réxime xurídico, orzamentario e económico-financeiro a aplicación da normativa correspondente aos entes instrumentais do sector público autonómico; incorporárase á Comisión de Auditoría e Control –neste caso asociando as súas funcións á Comisión Permanente–; e, dentro do réxime de persoal, os seus profesionais pasarán a ter a consideración de empregados públicos de saúde.

Así mesmo, as tres fundacións verán modificada a súa nomenclatura oficial dado que pasarán a denominarse: Fundación Pública Galega Instituto de Investigación Sanitaria de Santiago de Compostela (cun ámbito de actuación nas áreas sanitarias de Santiago e Barbanza e de Lugo, A Mariña e Monforte de Lemos); Fundación Pública Galega de Investigación Biomédica Inibic (cun ámbito de actuación nas áreas sanitarias da Coruña e Cee, e de Ferrol); e Fundación Pública Galega de Investigación Biomédica Galicia Sur (cun ámbito de actuación nas áreas sanitarias de Vigo, de Pontevedra e O Salnés, e de Ourense, Verín e O Barco de Valdeorras).

#### **Melloras para o persoal investigador**

A incorporación das fundacións de investigación sanitaria e biomédica á Administración pública galega lévase a cabo dentro dun conxunto de medidas dirixidas a fortalecer as estruturas de investigación e a mellorar as condicións e a estabilidade do seu persoal dentro do ámbito sanitario.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Concretamente, a formalización de convenios colectivos, por primeira vez, para regular as relacións laborais do persoal destas fundacións; a homoxeneización das condicións retributivas do persoal investigador do Servizo Galego de Saúde; ou a convocatoria dunha OPE para a estabilización do persoal investigador sanitario e non sanitario do Sergas (con 34 prazas), que está en marcha nestes momentos.

Coa incorporación ao sector público autonómico destas fundacións, os seus profesionais terán a consideración de empregado público ou de empregada pública de saúde, tal e como se recolle no artigo 108 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia.

Conforme a previsión de seren integradas no sector público autonómico desde o comezo do ano 2024, xa se tivo en conta esta circunstancia no proxecto de orzamentos xerais da Comunidade de Galicia, no cal se recolleu unha dotación orzamentaria de 43,2 millóns de euros para elas.

Con este acordo, complétase o proceso iniciado a finais do ano pasado coa aprobación da Lei 7/2022, do 27 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, que establecía a súa integración no sector público autonómico.

### **Investigación en prol dunha mellor sanidade**

As fundacións de investigación biomédica ou sanitaria (que xestionan a investigación dos centros e institutos de investigación sanitaria de Galicia) teñen por obxectivo impulsar a investigación, a docencia, o desenvolvemento científico-tecnolóxico e a innovación no ámbito sanitario e en ciencias da saúde, servindo de apoio, asesoramento e xestión aos profesionais e investigadores das distintas áreas sanitarias.

Así, teñen unha especial importancia dentro do ecosistema de investigación sanitaria de Galicia, dado que son as entidades que xestionan os institutos de investigación sanitaria a través dos cales se promove a colaboración coas universidades galegas en proxectos de investigación e a utilización conxunta de infraestruturas científicas, dado que estes son entidades sen personalidade xurídica propia.

Os institutos de investigación sanitaria xestionados por estas fundacións agrupan máis de 2.300 investigadores, distribuídos en 181 grupos de investigación distintos, a maior parte deles profesionais do Servizo Galego de Saúde e das universidades que levan a cabo estudos de investigación no ámbito biomédico, ademais dos preto de 600 profesionais que prestan os seus servizos directamente nestas fundacións. Estes grupos de investigación abordan nos seus estudos distintas áreas de investigación como oncoloxía, xenética, microbioloxía, endocrinoloxía, nutrición, metabolismo, enfermidades cardiovasculares, neurociencias, enfermidades inflamatorias e infecciosas ou vacinas, entre outras.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O seu labor é fundamental, non só no desenvolvemento científico senón na mellora da asistencia sanitaria á cidadanía, xa que un centro sanitario que investiga é un centro sanitario que presta unha mellor asistencia, ao manter unha constante actualización das súas capacidades e do coñecemento dos seus profesionais.

Cómpre lembrar que os tres institutos de investigación que existen en Galicia están acreditados polo Instituto de Saúde Carlos III (ISCIII), de conformidade co previsto no Real decreto 279/2016, o que recoñece os seus altos indicadores científicos e garante a calidade do traballo realizado por investigadores clínicos e básicos, e supón a confirmación obxectiva da existencia de grupos con excelencia investigadora, así como dunha axeitada infraestrutura de apoio á investigación.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### O SERGAS LICITARÁ A PRIMEIRA COMPRA CENTRALIZADA DE IMPLANTES XENITOURINARIOS CUN AFORRO DE MÁIS DE 240.000 € AO ANO

- O Consello da Xunta autoriza a contratación da subministración sucesiva destes implantes por un valor estimado superior aos 12 millóns de euros por cinco anos
- O plan de compra centralizada do Sergas permitiu iniciar nesta lexislatura 14 contratos unificados de material para todas as áreas sanitarias, co que se conseguiron aforros que van do 4 % ao 38 %

O Consello da Xunta autorizou esta mañá a compra centralizada por primeira vez da subministración sucesiva de implantes xenitourinarios con destino ás áreas sanitarias do Servizo Galego de Saúde por un valor estimado de 12.165.548 euros, IVE non incluído, nos próximos cinco anos. Con esta fórmula de contratación, o Sergas acadará unha redución media dos prezos actuais dun 10 %, o que vai supor un aforro anual estimado de 243.310 euros.

Os implantes xenitourinarios licitados conforman un grupo heteroxéneo con varias finalidades. Comprenden desde o tratamento da disfunción eréctil (implantes de pene), ao tratamento da incontinencia urinaria (mallas para incontinencia urinaria, sistemas para a estimulación do nervio sacro ou esfínteres urinarios artificiais), así como o tratamento da uropatía obstrutiva (*stens ureterais*).

Con esta nova compra, ao longo da presente lexislatura son xa máis de corenta os contratos centralizados para material de uso común e repetitivo nas sete áreas sanitarias galegas. Así, a Consellería de Sanidade mellora a calidade e equidade asistencial e a sustentabilidade económica do sistema sanitario público galego grazas á programación dos Plans de compras.

Nos últimos anos, autorizáronse as compras de subministración sucesiva de todo o material funxible necesario para realizar probas de determinación de gases en sangue, así como o arrendamento do equipamento necesario para efectuar as ditas probas e o mantemento do devanditos equipos (cun aforro do 38,26 %), de tubos endotraqueais e cánulas de traqueostomía (18,66 %), de diverso material necesario para o tratamento de feridas con sistemas de terapia de presión negativa (22,17 %), de equipamentos de cobertura cirúrxica (22,43 %), de analizadores sanguíneos portátiles e de reactivos para realizar probas de detección rápida para a determinación de hemoglobina glicada (HbA1c), proteína C reactiva (PCR) e gasometría portátil para os centros sanitarios de atención primaria (21,11 %), de sistemas de monitorización da glicosa necesarios para a medición da glucemia en diabéticos tipo I para pacientes adultos (4,20 %), de reactivos e material funxible para realizar o cultivo automatizado de bacterias aerobias, anaerobias e fungos de mostras de sangue ou outros fluídos biolóxicos nos laboratorios de microbioloxía (10 %), de xeradores de impulso e eléctrodos para o tratamento de

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

trastornos do movemento (4%), de balóns convencionais de dilatación coronaria necesarios para efectuar as técnicas de cardioloxía intervencionista (aforro medio estimado na futura licitación dun 15-16 %), de balóns especiais de dilatación coronaria e valvular necesarios para realizar a técnicas de cardioloxía intervencionista (redución dos prezos prevista dun 14 %), de próteses e expansores mamaros (estimación do 25 %), de material para cirurxía cardíaca (estimación do 4 %), de equipamentos de protección individual, máscaras cirúrxicas e produtos de base alcohólica para antisepsia de mans (estimación do 16 %) e subministración sucesiva de dispositivos de asistencia ventricular de longa duración con destino ás áreas sanitarias da Coruña e Cee, Santiago de Compostela e Barbanza e Vigo (co obxectivo de que non haxa un incremento de prezos e de que se consoliden os actuais para os próximos 4 anos).



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **A XUNTA IMPULSA A FORMACIÓN DE MÁIS DE 10.500 PERSOAS PARA DAR RESPONSA ÁS NECESIDADES DE CUALIFICACIÓN NADAS DA TRANSFORMACIÓN EN DOCE SECTORES ESTRATÉXICOS**

- A Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade asinará convenios con clústeres e outras entidades dos sectores TIC, do metal, da automoción, das enerxías renovables, do naval, da loxística, do audiovisual e do alimentario
- Tamén colaborará na formación da poboación activa coa Federación Galega de Comercio, a Fundación Laboral da Construción, a Asociación Galega do Hidróxeno e Centros de Estética de Galicia
- A iniciativa, dotada cun investimento de 4,4 M€, permitirá pór en marcha 532 cursos

A Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade asinará en 2024 un total de doce convenios de colaboración cos principais clústeres galegos e entidades representativas de doce sectores estratéxicos para continuar a impulsar a formación axustada á demanda do tecido produtivo e adaptala ás transformacións de cada un deles. Con estas formacións espérase poder superar as 10.500 persoas beneficiarias.

En 2024 –e cun investimento que rolda os 4,4 millóns de euros– asinaranse convenios de colaboración con 8 clústeres e outras catro entidades que representan diferentes actividades. O Consello da Xunta deu hoxe visto e praxe á colaboración que se formalizará co Clúster das Enerxías Renovables (Cluergal), Clúster do Sector do Metal (Asime), Clúster TIC Galicia, Federación Galega de Comercio, Fundación Laboral da Construción e Clúster da Función Loxística. A estes sumaranse tamén en datas próximas o Clúster da Automoción (Ceaga), Clúster Audiovisual Galego, Clúster do Sector Naval Galego (Aclunaga), Clúster da Alimentación de Galicia, Asociación Gallega del Hidrógeno (AGH2), Centros de Estética de Galicia (Cepega).

En total, a Xunta prevé con esta actuación a formación de 10.532 persoas, tanto ocupadas como desempregadas, cun investimento de 4,4 M€ (4.387.587 €) a través de 532 cursos, que se impartirá entre o 2 de xaneiro e o 30 de xuño de 2024.

A Xunta de Galicia continuará a primar que as accións formativas estean vencelladas coas actividades e profesións que se encadran dentro do sector estratéxico a que pertence a entidade. O obxectivo non é outro que o de promover unha oferta que dea resposta ás demandas de competencias nun mercado laboral incurso en procesos de transformación dixital e de innovación.

Aínda que a formación que se imparte ao abeiro destes convenios ten carácter non formal, debe estar relacionada co Catálogo nacional de cualificacións profesionais. Os coñecementos adquiridos nas accións formativas facilitan que o alumnado participe no procedemento de acreditación de competencias para obter certificados profesionais.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A Xunta de Galicia destinará en 2024, por outra banda, ás actuacións da Dirección Xeral de Formación para o Emprego e Orientación un total de 232,46 millóns de euros. Desta contía, máis de 117 millóns dedícanse ao Plan galego de formación, para continuar impulsando unha formación dual e flexible, axustada ás necesidades do tecido produtivo e ao mercado laboral.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **A XUNTA DESTINA CASE 5 M€ AO PROGRAMA INVESTIGO, QUE INCENTIVARÁ A CONTRATACIÓN DE ATA 215 DESEMPREGADOS MENORES DE 30 ANOS EN ACTIVIDADES DE I+D+i**

- As axudas para a contratación de persoas mozas desempregadas van dirixidas a empresas cualificadas como iniciativas de base tecnolóxica e outras do sector privado que traballen en investigación e innovación
- O programa consolida o seu éxito co 50 % dos traballadores inseridos nas empresas contratantes tras a súa finalización
- Os contratos deben ser indefinidos e o período subvencionable é de 12 meses a xornada completa
- A contía das axudas oscilará entre os 22.405,92 e OS 33.108,84 euros por persoa, en función do grupo de cotización, e financiaranse os custos laborais e salariais, incluíndo os gastos de cotización por todos os conceptos á Seguridade Social

A Xunta convocará en 2024 a terceira edición do programa Investigo para a xeración de emprego xuvenil en Galicia no eido da investigación, a tecnoloxía e a innovación. Destinará 4,8 millóns de euros de fondos autonómicos, cos cales apoiará a contratación de persoas menores de 30 anos desempregadas en empresas cualificadas como iniciativas de emprego de base tecnolóxica (IEBT), así como calquera outra pertencente ao sector privado, radicadas en Galicia e que desenvolvan actividades no eido do I+D+i.

As axudas para a contratación por conta allea das mozas e mozos oscilarán entre os 22.405,92 e 33.108,84 euros por persoa, e financiaranse os custos laborais e salariais, incluídos os gastos de cotización por todos os conceptos á Seguridade Social. Os contratos de carácter indefinido terán que contar cunha duración mínima de 12 meses a xornada completa.

Estas axudas convocáronse en 2022 e 2023, financiadas con fondos do Mecanismo de recuperación e resiliencia. Ante os bos resultados obtidos, a Xunta de Galicia revalida a iniciativa con fondos propios das contas autonómicas. De feito, arredor do 50 % das persoas participantes no programa continúa a traballar nas empresas contratantes.

Investigo prioriza como destino as ocupacións referidas á transición ecolóxica, á economía verde –enerxías renovables, eficiencia enerxética, tratamento de augas e de residuos e industria agroalimentaria– e á dixitalización de servizos, enxeñaría de datos e *data science*.

Con este programa revértese na sociedade a alta formación deste persoal. Ademais, as iniciativas poderán desenvolverse en ocupacións referidas á sanidade e investigación.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A previsión é que a través desta liña de axudas se poida contratar un mínimo de 145 mozas e mozos e un máximo de 215, en función dos módulos salariais que se deberán aplicar.

Con esta medida, a Xunta segue a propiciar a inserción laboral das persoas mozas, mellorando a súa cualificación e outorgándolles a posibilidade de desenvolverse profesionalmente en ocupacións con alta demanda.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **A XUNTA APOIARÁ CON 1,9 M€ OS PROGRAMAS DAS ENTIDADES SEN ÁNIMO DE LUCRO DE ATENCIÓN A MULLERES EN SITUACIÓN DE ESPECIAL VULNERABILIDADE E DE CORRESPONSABILIDADE**

- Investiranse, dun lado, 1,4 millóns de euros para financiar actuacións destinadas a atender, entre outras, vítimas da violencia de xénero, de explotación sexual, laboral ou de trata, inmigrantes, refuxiadas ou reclusas
- Doutra parte, destinaranse 500.000 euros para as actuacións orientadas a facilitar a conciliación das familias galegas con menores a cargo de ata 16 anos

A Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade apoiará en 2024 con 1,9 millóns de euros os programas que realicen as entidades de iniciativa social sen ánimo de lucro orientadas á atención das mulleres en situación de especial vulnerabilidade e a favorecer a conciliación e a corresponsabilidade das familias galegas con menores a cargo de ata 16 anos.

Este ano, por primeira vez, o departamento autonómico unifica nunha soa convocatoria estas dúas liñas de axudas para favorecer o labor das entidades.

Apoiárase, dun lado, con 1,4 millóns de euros a posta en marcha de programas específicos dirixidos en exclusiva a mulleres en situación de especial vulnerabilidade: vítimas de violencia de xénero, de explotación sexual-laboral, inmigrantes, emigrantes retornadas ou refuxiadas, pertencentes a unha minoría ou reclusas, entre outras.

Ao abeiro desta primeira liña de axudas, cun apoio máximo de 40.000 euros por entidade, financiaranse programas con recursos integrais específicos para mulleres en situación de especial vulnerabilidade xestantes ou lactantes –con fillos ou fillas menores de tres anos–, dirixidos a promover o seu desenvolvemento persoal, familiar e laboral e a súa autonomía económica e afectiva.

Apoiárase tamén iniciativas de atención personalizada e especializada para as mulleres pertencentes aos colectivos vulnerables. Neste caso, o programa debe recoller actuacións personalizadas como atención psicolóxica, asesoramento xurídico, mediación, adquisición de habilidades persoais e sociais ou apoio e orientación laboral.

As actuacións deberán ter en conta o diferencial feminino e o fomento da igualdade de oportunidades como elemento básico da atención especializada, co obxecto de que as destinatarias últimas poidan mellorar as súas expectativas persoais, sociais e laborais. De feito, unha das metas principais da medida é, ademais da atención personalizada a este colectivo, a mellora da súa empregabilidade.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O período de referencia para o desenvolvemento do programa e para a imputación dos gastos subvencionables será o comprendido entre o 1 de setembro de 2023 e ata o 31 de agosto de 2024.

### **Conciliación e corresponsabilidade**

Con esta convocatoria de axudas, doutra banda, financiaranse con 500.000 euros as actuacións que desenvolvan as entidades de iniciativa social sen ánimo de lucro orientadas a favorecer a conciliación e a corresponsabilidade das familias galegas con menores a cargo de ata 16 anos de idade, con carácter prioritario á atención de familias monoparentais, vítimas de violencia de xénero e doutras formas de violencia contra a muller, mulleres en situación de desemprego de longa duración, mulleres maiores de 45 anos ou a unidades familiares en que existan outras cargas relacionadas cos coidados.

En concreto, os apoios, con cargo ao Plan Corresponsables, van dirixidos á creación de bolsas de coidado profesional (para prestarse no domicilio ou en dependencias públicas, tales como escolas, centros municipais o polideportivos, entre outras), cunha axuda máxima por entidade de 40.000 euros; e para plans de formación e sensibilización en corresponsabilidade e coidados destinados aos homes e ás familias, cun apoio tope de 10.000 euros.

Serán subvencionables os gastos xerados entre o 1 de outubro de 2023 e ata o 30 de setembro de 2024, ambos os dous incluídos.

A través do Plan Corresponsables, convocaranse tamén axudas para o mesmo fin dirixidas a entidades locais, que incrementará o seu importe aos 6 millóns de 2024; e ás asociacións de nais e pais de centros educativos sostidos con fondos públicos, que terá un importe en 2024 de 550.000 euros. En global, irán destinados a este plan este ano máis de 7 millóns de euros.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **A XUNTA INVESTIRÁ UN TOTAL DE 47 M€ O ANO QUE VÉN PARA A MELLORA DE EXPLOTACIÓNS E A INCORPORACIÓN DE PROFESIONAIS Á ACTIVIDADE AGROGANDEIRA**

- Destaca que se manteñen as achegas para os mozos que se poñan ao fronte dunha explotación e que, por primeira vez, lánzase unha axuda específica para persoas de entre 41 e 55 anos
- Nas axudas para investimentos subvencionarase o uso de madeira estrutural nas infraestruturas que se inclúan dentro dos plans de mellora así como a compra de maquinaria ou a reforma das instalacións

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, informou hoxe de que o Consello autorizou hoxe destinar 47 millóns de euros o vindeiro ano “ás axudas para promover a incorporación de profesionais ao agro e mellorar as explotacións”.

Estas subvencións pertencen ao Programa de Desenvolvemento Rural (PDR) de Galicia 2014-2020. O orzamento está cofinanciado nun 12% pola Administración xeral do Estado, nun 28% pola Xunta de Galicia e nun 60% polo Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader).

Con estas axudas búscase mellorar a estrutura produtiva das explotacións galegas e avanzar na consecución dunha adecuada dimensión e un correcto equilibrio dos seus factores de produción co obxectivo de mellorar a competitividade. Ao mesmo tempo, procúrase acadar un rexuvenecemento da poboación activa agraria e fomentar o emprego neste sector, con especial consideración cara ás mulleres, co fin último de fixar poboación no rural.

En concreto, a partida asignada para sufragar investimentos en explotacións agrícolas (os coñecidos como plans de mellora) será en 2024 de 27 millóns de euros; para a incorporación de mozos ao agro destinaranse 16 millóns de euros, aos que se lle suman tal e como anunciou Rueda, por primeira vez, unha nova liña destinada para persoas entre 41 e 55 anos (dotada de 3 M€), e, por último, haberá achegas para pequenas explotacións (1 M€).

Nas axudas para investimentos nas explotacións agrícolas, subvencionarase o uso de madeira estrutural nas infraestruturas que se inclúan dentro dos plans de mellora, na liña da aposta da Xunta polo emprego deste material na construción. Ademais, tal e como indicou Rueda, poderán usarse as achegas para “comprar maquinaria, reformar as instalacións ou adquirir novos terreos”. E no caso das axudas par pequenas explotacións, o obxectivo es destinalas “a realizar melloras nas instalacións ou mitigar os efectos do cambio climático”.

Ademais, no marco desta orde de axudas para o 2024, o Consello da Xunta tamén aprobou a exención da achega de garantías para os beneficiarios. Así, os solicitantes que

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

reciban axuda só estarán obrigados a verificar a conformidade do seu plan empresarial, sen ter que presentar unha garantía do 100% do importe a aboar no pagamento a conta nin verse sometidos a controis *a posteriori*. Así, a axuda terá carácter de pago a tanto alzado e concederase pola execución do plan empresarial ou plan de negocio que terá unha duración de 24 meses.



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **A XUNTA PRORROGA O ACORDO COA ADMINISTRACIÓN LOCAL PARA GARANTIR O FUNCIONAMENTO DOS GRUPOS DE EMERXENCIA SUPRAMUNICIPAIS DAS PROVINCIAS DE LUGO E PONTEVEDRA CON 4,3 M€**

- Acaba de autorizarse a sinatura dos convenios entre a Vicepresidencia Primeira e a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, a Consellería do Medio Rural, a Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp) e as deputacións de Pontevedra e Lugo
- Estará vixente en ambas as provincias ao longo de todo o 2024, xa que se considera que o traballo dos GES contribúe a mellorar as condicións xerais de seguridade das persoas e das súas propiedades en situación de risco
- Con esta colaboración garántese que os GES sigan prestando servizo público en materia de emerxencia, protección civil e prevención de incendios forestais

O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura de dous convenios entre a Vicepresidencia Primeira e a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, a Consellería do Medio Rural, a Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp) e as deputacións de Pontevedra e Lugo para prorrogar o desenvolvemento dos grupos de emerxencias supramunicipais, os GES. Ambos os convenios terán unha vixencia dun ano, desde o 1 de xaneiro de 2024 ata o 31 de decembro do vindeiro ano. O importe total dos dous convenios ascende aos 4.320.000 euros, achegados na súa maior parte pola Xunta de Galicia, nunha porcentaxe de 52,5 %. As entidades locais proporcionan o 47,5 % restante, distribuído entre cada deputación –cada unha achega un 40 % para o seu convenio– e un 7,5 % os concellos.

O convenio asinado coa Deputación de Pontevedra recolle unha serie de melloras xa acordadas nas outras provincias e que non foi posible implementar ata agora. En concreto, trátase dun incremento de 40.000 euros no financiamento de cada GES, completar os GES da Estrada e Lalín, pasando de 10 e 6 efectivos a 12, e crear un subGES no concello do Grove. No caso do acordo coa Deputación de Lugo, renóvase nos mesmos termos que o vixente porque xa o ano pasado se asinara un convenio por un ano que incluía as melloras propostas pola Xunta.

Esta acción lévase a cabo ao considerar que o traballo dos grupos de emerxencia supramunicipais contribúe a mellorar as condicións xerais de seguridade das persoas e das súas propiedades en situacións de risco, e tamén a aumentar a protección do monte e dos bens non forestais fronte os incendios.

Con esta colaboración garántese que os GES sigan prestando servizo público en materia de emerxencia, protección civil e prevención de incendios forestais. Neste sentido, os grupos teñen competencia para intervir en incendios –tanto urbanos como forestais–, para definir e manter as redes de faixas de xestión da biomasa de prevención e para levar a cabo prácticas preventivas, de carácter local e a pequena escala, para crear discontinuidades da cuberta vexetal. Tamén farán prevención naqueles camiños e espazos públicos que poidan ao mesmo tempo servir de cortalumes.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Ademais, seguirán coa realización de actuacións de prevención da avespa velutina por seguridade da poboación, tales como o control e retirada de niños, entre outras actuacións. Continuarán intervindo en situacións de risco e emerxencia para manter a rede de estradas, mediante a súa limpeza e retirada de obxectos, especialmente no caso de accidente. Tamén poderán actuar no caso de situacións derivadas de riscos naturais, nevaradas, inundacións, temporais, xeadas, choivas intensas, sismos, derrubamentos, correntamentos de terra e situacións de seca, entre outros traballos.

Entre as tarefas dos GES figurará calquera outra materia de protección civil, emerxencias e ambiente, servizos sociais, culturais, educativos e deportivos e outras de competencia municipal, vinculadas a unha situación de emerxencia ou prevención dela, ou calquera actuación necesaria para resolver unha situación de urxencia e interese público.

### **Competencia local**

Cómpre lembrar que a atención ás emerxencias é unha competencia local que lles corresponde aos concellos de máis de 20.000 habitantes e ás deputacións provinciais nos municipios de menos poboación.

Co obxectivo de completar e mellorar a atención das emerxencias da Comunidade optimizando a cobertura e os tempos de resposta, na reunión mantida entre representantes da Xunta, das deputacións provinciais da Coruña e Lugo e da Fegamp para a elaboración dos ditos convenios, acordouse incrementar en 40.000 euros os custos salariais dos efectivos dos GES, que pasan de 280.000 a 320.000 euros, co obxecto de adaptalos ao seu custo real na actualidade. Ademais, no caso da provincia da Coruña, tamén se acordou equiparar o financiamento do servizo municipal de Noia, que actualmente é de 155.000 euros, ao resto dos GES, e pasa así aos 320.000 euros.

### **A Coruña e Ourense**

No relativo ás demais provincias de Galicia, a Deputación da Coruña asinou un convenio no ano 2022 co Goberno autonómico para garantir o funcionamento dos grupos de emerxencias supramunicipais, cunha vixencia de dous anos, polo que estará activo ata o 31 de decembro de 2024. Acontece o mesmo coa provincia de Ourense, que tamén asinou no 2022 un convenio con vixencia de dous anos. Polo tanto, ningunha destas provincias precisa mellorar ou renovar a súa colaboración.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **A XUNTA CREARÁ UN NOVIDOSO MERCADO VOLUNTARIO DE CRÉDITOS DE CARBONO, PARA QUE AS EMPRESAS POIDAN COMPENSAR A SÚA PEGADA DE CO2 E CAMIÑAR CARA A NEUTRALIDADE CARBÓNICA**

- O obxectivo é que tanto o tecido empresarial como os cidadáns poidan contribuír a loita contra o cambio climático mediante a financiación de proxectos sostibles impulsados por gandeiros ou silvicultores
- No caso das empresas, este mercado permitiralles mercar créditos de carbono verificados e, deste xeito, acadar obxectivos de neutralidade chave para o seu futuro en determinadas producións e mercados, ademais de amosar o seu compromiso co medio ambiente e a sostibilidade
- Rueda resalta que este sistema é un modo de fomentar “a concienciación social sobre a importancia de coidar as nosas contornas” e crear “unha nova fonte de ingresos a silvicultores e gandeiros de Galicia” para que complementen as súas rendas actuais, loitando contra o abandono de terras e os incendios forestais
- Incidindo na sostibilidade da xestión forestal, prácticas agrogandeiras ou a construción, este novo mercado desenvolverá metodoloxías pioneiras en España e con escasos precedentes en Europa, ofrecendo unha alternativa a un mercado voluntario do Goberno central que aposta por rexistrar terreos afectados polo lume

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, anunciou hoxe que o Goberno galego creará un novidoso mercado voluntario de créditos de carbono para que “as empresas e os cidadáns poidan compensar as súas emisións” e contribuír na loita contra o cambio climático ao financiar proxectos sostibles que persigan estes obxectivos.

O Consello avaliou na súa reunión de hoxe o proxecto de decreto polo que se regula o Sistema de créditos de carbono da Xunta de Galicia e se acorda iniciar a súa tramitación. Esta norma permitirá a creación dun mercado voluntario de créditos de carbono propio da nosa comunidade, unha iniciativa na que están implicadas a Vicepresidencia segunda e Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda e a Consellería do Medio Rural.

Esta plataforma servirá de nexo entre as persoas operadoras ou grupos de operadoras, que actuarán como promotoras dos proxectos de absorción de carbono nos mercados voluntarios e aquelas compensadoras. Estas últimas -organizacións públicas e privadas, ou incluso cidadáns- son as que adquiren ou utilicen créditos de carbono, ben sexa como persoas intermediarias ou ben como axentes finais co fin de compensar as súas emisións e camiñar cara a neutralidade.

“É dicir, trátase dun sistema no que gandeiros e silvicultores poderán ofrecer proxectos que reducen emisións ou absorben CO2 nos que poderán participar, mediante a cofinanciación, aquelas empresas que queiran compensar a súa pegada de carbono”, explicou o presidente.

Coa tramitación do decreto iníciase un proceso que, unha vez entre en vigor esta norma e se poña en marcha a plataforma de comercialización, permitirá que se poidan comprar e vender créditos de carbono en Galicia. E todo a través dun sistema auditado,

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

transparente e co aval da Xunta, ofrecendo garantía e lexitimidade aos posibles compradores, que poden ser organizacións públicas e privadas, mesmo cidadáns, que busquen compensar a súa pegada de carbono.

Este novo sistema incorporará metodoloxías pioneiras en España e con escasos precedentes en Europa, e ofrecerá no noso país unha alternativa ao mercado voluntario do Goberno central, que aposta por rexistrar terreos afectados polo lume.

A Xunta desexa incidir en metodoloxías relacionadas coa xestión forestal sostible, na redución da pegada de carbono na nova edificación ou na redución mediante a aplicación de novas prácticas agrogandeiras. Ferramentas innovadoras como o Inventario Forestal Continuo ou o proxecto SICLE (solucións innovadoras para a compensación local de CO<sub>2</sub>), serán pezas fundamentais que avalarán a garantía e transparencia deste sistema.

### **Obxectivos do sistema**

No texto legal avaliado hoxe polo Consello sinálase que entre os obxectivos deste sistema están o de contribuír á mitigación de gases de efecto invernadoiro, á descarbonización da economía no territorio autonómico e ao cumprimento dos compromisos autonómicos, nacionais, europeos e internacionais asumidos por Galicia.

“Este sistema será un modo de fomentar a concienciación social sobre a importancia de coidar as nosas contornas e crear unha nova fonte de ingresos a silvicultores ou gandeiros de Galicia” para que complementen ás súas rendas actuais, indicou o presidente que asegurou que no caso das empresas, permitiralles mercar créditos de carbono certificados e, deste xeito, acadar obxectivos de neutralidade chave para o seu futuro en determinadas producións e mercados, ademais de manifestar o seu compromiso co medio ambiente.

Trátase, en resumo, de servir como instrumento para a conservación do medio ambiente, do medio natural e do medio rural e de fomentar un modelo económico de capital natural a través de proxectos de negocio con efectos positivos para o mar, a natureza e a biodiversidade. Tamén, de avanzar na prevención e defensa contra os incendios forestais, na protección fronte a catástrofes naturais, na mitigación e/ou adaptación contra o cambio climático e na creación do emprego endógeno, colaborando ao aumento da calidade de vida e o desenvolvemento da sociedade no medio rural.

Para que os mercados voluntarios acaden os seus obxectivos teñen que cumprir unha dobre condición. Para ser admitidos como oferta nun mercado voluntario, os proxectos deben proporcionar adicionalidade, é dicir que a actividade que se desenvolva supoña un incremento na redución ou absorción de carbono respecto ao proceder de xeito ordinario, ese incremento ou adición é o que se pode comercializar nestes mercados voluntarios, ademais, este carbono secuestrado non pode estar inscrito noutros sistemas voluntarios de carbono, evitando deste xeito a dobre contabilidade.

Mediante este decreto facultarase á Xunta para crear un comité técnico integrado por un representante de cada consellería con competencias no desenvolvemento de

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

proxectos susceptibles de absorber carbono ou de reducir a emisión de gases de efecto invernadoiro. Este órgano, do que tamén poderán formar parte expertos e representantes doutras administracións ou entidades privadas relevantes neste tipo de proxectos, terá como función informar tecnicamente sobre as diferentes metodoloxías do sistema voluntario de créditos de carbono a aprobar, revisar, actualizar ou revogar.

### **Créditos de carbono ECO**

Tal e como explicou o presidente, o novo Sistema voluntario de créditos de carbono diferencia dous tipos de créditos, os créditos de carbono estándar (contabilizan toneladas de CO<sub>2</sub> equivalente absorbidas ou reducidas) e aqueles créditos de carbono denominados ECO, incluídos en proxectos que á súa vez xeren beneficios no referente á conservación do mar, do medio ambiente, á natureza; á biodiversidade; á prevención e defensa contra os incendios forestais, ao fomento da madeira con usos de vida longos e ao desenvolvemento da poboación rural. Preténdese, deste xeito, que estes créditos de carbono que engadan servizos ecosistémicos e sociais acaden un maior prezo de transacción na súa venda.

A Xunta, dentro do seu compromiso de acadar a neutralidade climática, a máis tardar no ano 2040, está na liña de fomentar o desenvolvemento sostible do territorio. Isto, impulsando entre outros os proxectos que contribúan a absorber carbono como medida para compensar as emisións de gases de efecto invernadoiro que se producen noutras actividades, aproveitando o seu capital natural, como as masas forestais, a agricultura e a acuicultura para xerar o apoio á renda no medio rural.

A Lei de promoción dos beneficios sociais e económicos dos proxectos que utilizan os recursos naturais de Galicia, actualmente en tramitación, regula o mercado de créditos de carbono da Xunta, establecendo que a operación do Sistema voluntario de créditos de carbono desenvolverase regulamentariamente mediante decreto do Consello.

Pola súa banda, a Lei de montes de Galicia establece que a realización de negocios xurídicos que teñan como obxecto a cesión ou mantemento do dióxido de carbono, presente ou futuro, almacenado nos montes considerárase como un aproveitamento forestal. Neste contexto, anuncia a potestade da Xunta para a creación dun mercado voluntario de carbono que permita a participación de diversos axentes.

### **Plan Forestal**

Na mesma liña, a revisión do Plan forestal de Galicia 2021-2040, cara á neutralidade carbónica establece a creación dun programa de xestión forestal activa para o incremento da capacidade de fixación de carbono e a resiliencia das masas forestais ao cambio climático, en coherencia coa integración na política forestal dos obxectivos da acción internacional sobre cambio climático. Deste xeito, propónse fomentar a xestión forestal activa para a mellora e o incremento da capacidade de fixación de carbono das masas forestais, e a mitigación e adaptación ao cambio climático dos montes galegos como infraestruturas verdes mediante liñas de fomento de prácticas de silvicultura adaptativa.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Todo este contexto legislativo permite a organización inmediata deste mercado voluntario. A experiencia extraída desta primeira liña de acción permitirá a súa réplica nas outras actividades consideradas como de alto potencial de secuestro de carbono.

Cómpre engadir que esta iniciativa do mercado voluntario de créditos de carbono está vinculada cos esforzos que vén facendo a Xunta nesta materia a través do xa mencionado proxecto SICLE, a Estratexia Galega de Cambio Climático e a Lei do clima de Galicia.

### **Interese polo emprego de materiais alternativos na construción**

Este mercado de créditos de carbono alíñase co fomento da madeira na construción, sector no medra o interese por outros materiais estruturais para reducir as emisións de gases de efecto invernadoiro dentro dunha estratexia de mitigación do cambio climático.

Este secuestro de carbono atmosférico na madeira e o efecto substitutivo por aceiro/formigón en países nórdicos (Noruega e Finlandia) así como en Bélxica xa se están implantando desde o ano 2019 mercados de carbono voluntarios baseados na incorporación de elementos de madeira que posúan longos ciclos de vida (estrutural), denominados Carbonated building elements ou Wooden building elements. Esta monetización das toneladas de CO<sub>2</sub> equivalente secuestradas na madeira de elementos construtivos sería unha solución realista ante o sobrecusto existente na fase de construción. Os prezos que refiren as promotoras destes sistemas de créditos voluntarios de carbono varían actualmente na contorna da 26€ por tonelada de CO<sub>2</sub> equivalente.

Seguindo nesta liña, centrada na redución destas emisións, ata un 20% das edificacións promovidas polo Goberno autonómico empregarán madeira na súa estrutura, unha porcentaxe que se introducirá de xeito gradual a partir de 2024. Esta aposta consolídase coa convocatoria de 2 millóns de euros para incentivar a construción en madeira no ámbito privado que previsiblemente se publicara no primeiro trimestre do ano 2024.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **GALICIA INVISTE MAIS DE 5 M€ NO 2024 PARA GARANTIR A VENDA E CONSUMO SEGURO DE MAIS DE 200.000 TONELADAS DE MOLUSCOS BIVALVOS AO ANO**

- O Consello da Xunta aprobou a addenda pola que se prorroga durante 2024 o contrato programa plurianual do Instituto Tecnolóxico para o Control de Medio Mariño de Galicia, un centro fundamental para manter a boa reputación e a calidade dos moluscos producidos na comunidade.
- Este contrato de xestión recolle as actuacións que debe realizar o centro dependente da Consellería do Mar no 2024 coa determinación dos obxectivos, plans, previsións en materia de persoal e as modificacións ou adaptacións que procedan.
- O Intecmar realiza cada ano arredor de 80.000 análises de distinto tipo e emite uns 7.000 informes e resolucións de seguridade alimentaria e sanidade animal.

O Instituto Tecnolóxico para o Control do Medio Mariño de Galicia (Intecmar) disporá entre este ano 2024 de mais de 5 millóns de euros para levar a cabo o seu labor de control da calidade do medio mariño e das zonas de produción de moluscos bivalvos. Un traballo que garante a venda e consumo seguro das máis de 200.000 toneladas de moluscos bivalvos producidos ao ano na comunidade. Así o recolle a addenda que prorroga durante 2024 o contrato programa plurianual do centro dependente da Consellería do Mar que foi aprobada hoxe polo Consello da Xunta.

O Intecmar é un centro clave para o marisqueo e a acuicultura pois permite comercializar con todas as garantías hixiénico-sanitarias os moluscos producidos en Galicia e manter a súa boa reputación. Ao mesmo tempo, ten un importante papel no control das enfermidades dos moluscos, no eido da sanidade animal, e colabora na prevención e preparación para facer fronte a posibles episodios de contaminación mariña accidental. Por iso, o seu labor é clave tanto para a economía das zonas costeiras como para a protección do medio ambiente.

A addenda que prorroga o contrato plurianual de xestión aprobado polo Consello da Xunta recolle as actuacións a realizar polo centro durante 2024, coa determinación dos obxectivos, actuacións, previsións sobre persoal e marco económico-financeiro. A súa aprobación faise de acordo co establecido na Lei de organización e funcionamento da Administración Xeral e do sector público autonómico de Galicia (Lofaxga) e enmárcase no Plan xeral de xestión e mellora da calidade dos servizos do sector público autonómico de Galicia, aprobado polo Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do pasado 4 de marzo de 2021.

O acordo inclúe tanto os obxectivos que se perseguen co traballo do Intecmar como as expectativas de resultados e, en xeral, a xestión que se vai desenvolver. Ademais, incorpora as 18 actuacións necesarias para acadar eses obxectivos -con especificación dos marcos temporais correspondentes e dos proxectos asociados a cada unha das estratexias- e os indicadores para avaliar os resultados obtidos.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **O labor do Intecmar**

O Instituto Tecnolóxico para o Control do Medio Mariño de Galicia realiza cada ano arredor de 80.000 análises de distinto tipo -microbiolóxicas, físico-químicas, virolóxicas, patolóxicas e toxicolóxicas- en moluscos bivalvos vivos e emite uns 7.000 informes e resolucións de seguridade alimentaria e sanidade animal que garanten que os produtos que chegan ao consumidor polas canles legais procedentes das rías galegas son aptos para o consumo.

Unha mostra da relevancia nacional e internacional do Intecmar neste eido é o feito de que a Axencia Española de Seguridade Alimentaria e Nutrición (AESAN) o designou no 2021 Laboratorio Nacional de Referencia en Biotoxinas Mariñas.



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### A XUNTA PUBLICA AS DATAS DE EXAMES PARA 22 PROCESOS SELECTIVOS E MÁIS DE 1.100 PRAZAS DE EMPREGO PÚBLICO

— O Consello do Goberno galego deu hoxe o visto e prace ao calendario de exames

O Consello da Xunta deu hoxe o visto e prace á publicación do calendario de exames para 22 procesos selectivos e un total de 1.147 prazas de emprego público na Administración galega. Así se desprende do informe sobre procesos selectivos presentado hoxe na reunión polo conselleiro de Facenda e Administración Pública, Miguel Corgos.

Destas prazas, 562 son de acceso libre e a elas poden acceder todas aquelas persoas que cumpran cos requisitos establecidos nas respectivas convocatorias.

A estas hai que engadir 585 prazas para a promoción interna do persoal funcionario, uns procesos reservados a empregados públicos que xa son funcionarios e que poden acadar un ascenso ou promoción profesional a postos de traballo de maior responsabilidade.

O obxectivo é ofrecer a maior información posible para que as persoas aspirantes poidan planificar con antelación a preparación das probas.

#### **Calendario de exames**

A continuación detállase o calendario coa previsión de datas para realizar o primeiro exercicio correspondente a 22 oposicións e que se desenvolverán ao longo do vindeiro ano 2024 e tamén de 2025.

**INFORMACIÓN AOS MEDIOS**
**ACCESO LIBRE**

	<b>Grupo</b>	<b>Escala</b>	<b>Prazas convocadas</b>	<b>Data do 1º exercicio</b>
1	A1	Escala de letrados	10	30 de xaneiro
2	A1	Escala superior de estatísticos	6	16 de marzo
3	A1	Escala de sistema e tecnoloxía da información	16	16 de marzo
4	A1	Escala superior de orientación laboral	6	17 de novembro
5	A2	Escala técnica de orientación laboral	131	17 de novembro
6	A2	Escala de inspección turística	7	Outubro
7	C1	Escala de técnico de condución	20	Outubro
8	AP	Especialidade limpeza e cociña	117	16 de novembro
9	AP	Especialidade recursos naturais e forestais	42	16 de novembro
10	C1/B	Escala técnica de xestión ambiental	96	Outubro
11	C1	Escala técnica de recursos naturais e forestais. Especialidade capataz	7	Outubro
12	C2	Escala auxiliar de recursos naturais e forestais. Especialidade oficial	16	Decembro
13	C2	Escala auxiliar de arquivos, bibliotecas e museos	15	Decembro
14	C1/B	Escala técnica de delineantes	9	Xaneiro de <b>2025</b>
15	C1	Escala técnica de mantemento de servizos.	17	Xaneiro de <b>2025</b>
16	C1	Escala técnica de análise de laboratorio	12	Xaneiro de <b>2025</b>
		<b>Total de prazas convocadas</b>	<b>527</b>	

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### ACCESO LIBRE (DISCAPACIDADE INTELECTUAL)

	Grupo	Escala	Prazas convocadas	Data do 1º exercicio 2025
<b>Discapacidade intelectual</b>				
1	C2	Escala PSX	4	Marzo de 2025
2	AP	Especialidade de limpeza e cociña	31	Febrero de 2025
		<b>Total de prazas</b>	<b>35</b>	

### PROMOCIÓN INTERNA

	Grupo	Escala	Prazas convocadas	Data do 1º exercicio 2024
<b>Promocion interna separada</b>				
1	A1	Corpo superior da Administración xeral	30	14 Dic
2	A2	Corpo de xestión da Administración xeral	185	14 Dic
3	C1	Corpo administrativo da Administración xeral	240	14 Dic
4	C2	Corpo auxiliar administrativo da Administración xeral	130	14 Dic
		<b>Total de prazas</b>	<b>585</b>	

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### A XUNTA APOIARÁ CON 12 M€ NO ANO 2024 OS PRODUTORES AMPARADOS POLA INDICACIÓN XEOGRÁFICA PROTEXIDA TERNERA GALLEGA A TRAVÉS DUNHA NOVA LIÑA DE AXUDAS

- Estas achegas contribúen a paliar os sobrecustos derivados deste tipo de producións, máis elevados que en gandarías estándar, que se viron afectadas nos últimos dous anos polo incremento dos prezos das materias primas e pola crise económica derivada da COVID-19
- Poderán beneficiarse as explotacións inscritas nos rexistros do Consello Regulador da indicación xeográfica protexida Ternera Gallega durante algún período do ano 2023, xunto co rexistro de animais durante o dito ano e, ademais, que finalizasen o seu ciclo produtivo dentro de 2023
- Concederanse 200 euros por animal identificado de Ternera Gallega Suprema, con 54.500 rexistrados, e 36 por aqueles de Ternera Gallega, polo que son 30.550 os animais identificados que poden obter a axuda
- Estas axudas tamén servirán para avanzar na Estratexia de dinamización do sector cárnico en puntos relacionados coa calidade, o benestar e a adaptación ás novas demandas do consumidor

O Consello da Xunta avaliou hoxe unha orde de axudas que se convocará en 2024 por primeira vez para as explotacións gandeiras amparadas pola indicación xeográfica protexida (IXP) Ternera Gallega. A Consellería do Medio Rural, a través da Dirección Xeral de Gandería, Agricultura e Industrias Agroalimentarias, concederá estas achegas cun orzamento de 12 millóns de euros para paliar os sobrecustos deste tipo de producións, sexan de Ternera Gallega (TS) ou de Ternera Gallega Suprema (TGS), maiores que nas explotacións estándar.

Nos últimos dous anos os custos agraváronse para o sector gandeiro como resultado do encarecemento das materias primas pola invasión rusa de Ucraína e afondouse na dificultade do traslado completo dos custos de produción ao seguinte elo da cadea de valor iniciada en 2020, coa crise económica xerada pola pandemia provocada pola COVID-19.

A consecuencia final é que o modelo tradicional de produción de carne de vacún de calidade con vacas nais de Galicia estase vendo afectado por estas causas alleas á súa actividade, e de aí a necesidade de apoiar o sector cunha axuda directa que alivie a situación conxuntural e facilite a súa continuidade produtiva, xa que as producións de Ternera Gallega teñen importancia social e ambiental no ámbito rural galego.

#### **Beneficiados**

Poderán beneficiarse destas axudas as explotacións inscritas nos rexistros do Consello Regulador que xestiona a IXP Ternera Gallega durante algún período do ano 2023 e que teñan animais rexistrados durante o dito ano como TG ou TGS polo Consello Regulador que xestiona a IXP, e ademais que finalizasen o seu ciclo produtivo dentro de 2023.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A orde prevé unha axuda para cubrir parcialmente os custos, 200 euros por animal identificado TGS, e de 36 por animal identificado TG, que completasen o seu ciclo produtivo entre o 1 de xaneiro de 2023 e o 31 de decembro de 2023 e que cumpran os requisitos inherentes á indicación xeográfica protexida. Estímase que o número de animais rexistrados como TGS que finalizan o seu ciclo produtivo e que poden optar a axuda é de 54.500, e que o número de animais rexistrados como TG que poden optar á axuda é de 30.550, polo que se completa ata un total de 12 millóns de euros.

### **Estratexia de dinamización do sector cárnico**

A principios do 2023 presentouse a Estratexia de dinamización do sector cárnico co obxectivo de perfilar unha serie de metas e medidas que conflúen nun punto común, situar Galicia como rexión de referencia na produción de carne, cun alto nivel de competitividade e sustentabilidade. Estas axudas para Ternera Gallega, ademais de paliar os sobrecostos, servirán para avanzar no desenvolvemento desta estratexia, especialmente naqueles puntos relacionados coa calidade, o benestar e a adaptación ás novas demandas do consumidor.

A elaboración desta estratexia foi moi participativa co sector e recolleu en todo momento as necesidades detectadas. Ademais, na súa planificación, constatouse a relevancia do sector cárnico galego, xa que achega máis do 34 % do valor da produción final agraria.

A calidade diferenciada tamén destaca dentro deste sector. Ademais da IXP Ternera Gallega, Galicia tamén conta coa IXP Vaca e Boi de Galicia, a IXP Lacón Galego e a IXP Capón de Vilalba. A estes selos de calidade súmanselles as numerosas razas autóctonas de vacún –cachena, caldelá, frieiresa, limiá e vianesa–, equino –cabalo de pura raza galega–, ovino-caprino –cabra e ovella galega– e porcino –porco celta–.

Este plan conta con seis eixes estratéxicos marcados ata 2030 para acadar un sector produtor organizado e profesionalizado; unha industria cárnica galega competitiva, líder en calidade impulsada pola tecnoloxía e o talento que garanta a soberanía alimentaria; uns produtos cárnicos galegos mellor posicionados nos mercados nacionais e internacionais; unha cadea de valor máis transparente e equilibrada; unha sociedade concienciada coa importancia da produción cárnica galega para o desenvolvemento rural e sobre o valor nutricional da carne; e un sector cárnico máis sustentable ambientalmente e resiliente.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### A XUNTA DESTINARÁ 750.000 EUROS NO 2024 PARA APOIAR O LABOR DAS ENTIDADES RECOÑECIDAS PARA A REALIZACIÓN DO CONTROL LEITEIRO EN GALICIA

- Esta achega ten como finalidade compensar en parte os gastos xerados ás entidades oficialmente recoñecidas para a realización do control leiteiro, en atención aos importantes beneficios que o sector recibe pola implantación deste sistema
- Os cambios normativos introducidos no ámbito europeo e nacional fixeron preciso modificar o marco de colaboración establecido ata o de agora, e pasouse dos convenios con estas asociacións á convocatoria de axudas

A Xunta convocará no 2024 unha nova liña de axudas para financiar o labor que desenvolven as entidades oficialmente recoñecidas para a realización do control leiteiro en Galicia, cun orzamento de 750.000 euros de axudas para a dita finalidade. A convocatoria publicarase proximamente no *Diario Oficial de Galicia*.

Esta achega, tal e como avaliou hoxe o Consello do Goberno galego, ten como finalidade compensar en parte os gastos xerados ás entidades oficialmente recoñecidas para a realización do control leiteiro en Galicia, en atención aos importantes beneficios que o sector no seu conxunto recibe pola implantación xeneralizada deste sistema.

En Galicia o control leiteiro oficial é realizado polas asociacións provinciais de control de rendemento leiteiro. Actualmente as asociacións da Coruña, Lugo e Pontevedra (coñecidas como Africor) son as entidades de control leiteiro oficialmente recoñecidas para este labor. Son as entidades que agrupan a totalidade dos criadores de gando frisón implicados no programa do control leiteiro oficial na súas respectivas provincias.

#### **Convenios coas asociacións provinciais**

Na nosa Comunidade, desde o ano 2011 ata o 2023 (incluído), subscribíronse os correspondentes convenios coas asociacións provinciais de control leiteiro, para regular as condicións de cooperación entre estas entidades e a Consellería do Medio Rural, no desenvolvemento das probas para determinar o rendemento do gando leiteiro daquelas explotacións que participan no control leiteiro oficial, co obxecto de mellorar a calidade xenética do gando vacún frisón de Galicia.

Os cambios normativos introducidos no ámbito europeo e nacional fixeron preciso modificar o marco de colaboración establecido ata o de agora, e pasouse dos devanditos convenios á convocatoria de axudas. Por iso, este será o primeiro ano en que se convoquen as achegas, en réxime de concorrència competitiva. Mantense, en calquera caso, o esforzo económico na achega de recursos públicos, en liña cos convenios asinados ata o de agora.

#### **Sector de gran transcendencia**

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A ganaría de aptitude leiteira é un subsector económico de gran transcendencia no eido agroalimentario, en xeral, e de forma máis significativa aínda en Galicia. Continuamente está a demandar a incorporación de novas tecnoloxías e avances científicos, o que implica actualizar e regular aqueles medios que lles van permitir ás explotacións leiteiras acadar unha maior competitividade. Entre eles destaca a mellora xenética, ao ser a ferramenta que permite dispor de exemplares cun valor xenético comprobado que permitan unha produción leiteira sustentable.

O desenvolvemento dos programas de selección xenética moderna require de fontes de información obxectiva e fiable sobre aqueles caracteres obxecto de interese. No caso das explotacións de aptitude leiteira, a dita información precisa da existencia dun sistema organizado para a recollida de datos referidos á eficiencia das femias produtoras: o control de rendemento leiteiro. Un bo control de rendemento leiteiro é de vital importancia na produción de leite e a xestión eficiente dunha explotación leiteira.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### A XUNTA DESTINARÁ PRETO DE 1,5 MILLÓNS DE EUROS NO 2024 EN AXUDAS PARA SEGUIR MELLORANDO A COMPETITIVIDADE DO SECTOR APÍCOLA

- As achegas buscan dar apoio aos produtores apícolas para favorecer a modernización do sector, así como paliar a perda de poboación de abellas e outros insectos polinizadores provocada pola expansión de patoloxías e especies inimigas como a avespa velutina ou o cambio climático
- En Galicia, a actividade das abellas ten un grande efecto na produción de cultivos de polinización entomófila, como a maceira, a cerdeira ou o tomate
- A orde recollerase no *Diario Oficial de Galicia* o 8 de xaneiro e o prazo de presentación de solicitudes será dun mes a partir do día seguinte á súa publicación

A Xunta publicará proximamente unha orde de axudas destinada ao sector apícola galego cun orzamento de case 1,5 millóns de euros, co obxecto de mellorar a súa competitividade a través da modernización e a optimización de equipamentos, así como para loitar contra a perda de poboación de abellas e outros insectos polinizadores como consecuencia da expansión de patoloxías, o incremento de especies inimigas, como a avespa asiática, ou o cambio climático.

A Consellería do Medio Rural, a través da Dirección Xeral de Gandaría, Agricultura e Industrias Agroalimentarias, xestionará estas axudas cun orzamento total de 1.487.810 euros para actividades realizadas entre o 1 de agosto de 2023 e o 31 de xullo de 2024, ambos inclusive, período de duración dunha campaña apícola. Os fondos procederán nun 50 % do Fondo Europeo Agrícola de Garantía Agraria (Feaga), cunha achega de 743.905 euros, e o restante repartirase a partes iguais con fondos procedentes do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación e da Xunta, con 371.952,5 euros.

Entre os gastos subvencionables desta orde de axudas están os servizos de asesoramento e asistencia técnica; os tratamentos contra a varroase; a adquisición de produtos para incrementar a vitalidade das colmeas en estados de risco para a supervivencia da colonia; a renovación e acondicionamento de ceras; a adquisición de material necesario para a captura, eliminación, disuasión e control da avespa velutina ou doutras especies exóticas invasoras; ou os investimentos en equipamentos que permitan a adaptación a fenómenos climáticos adversos das explotacións apícolas, para a cría e adquisición de rañas ou para a mellora de maquinaria. Ademais, tamén se inclúen aquelas accións destinadas a mellorar a orientación ao mercado e aumentar a competitividade, facendo maior fincapé na investigación, a tecnoloxía e a dixitalización; e sobre a posición dos apicultores na cadea de valor.

A Organización das Nacións Unidas para a Alimentación e a Agricultura estima que dos 100 cultivos que proporcionan o 90 % da alimentación mundial, 71 deles dependen da polinización de abellas e a produción de certas froitas, sementes e froitos secos, que podería decrecer en máis do 90 % sen a presenza dos insectos polinizadores. En Galicia, a actividade das abellas ten un grande efecto na produción de cultivos de polinización



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

entomófila, como a maceira, a cerdeira ou o tomate, de aí a importancia de apoiar este sector.

A orde de axudas do 2024 publicarase no *Diario Oficial de Galicia* (DOG) o 8 de xaneiro e o prazo de presentación de solicitudes será dun mes a partir do día seguinte a que sexa recollido no DOG.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **A XUNTA DESTINARÁ 200.000 € NO ANO 2024 A UNHA NOVA CONVOCATORIA DE AXUDAS PARA CERTAMES DE GANDO BOVINO SELECTO ORGANIZADOS POLOS CONCELLOS GALEGOS**

- O obxectivo destas achegas é promocionar e difundir este tipo de eventos, aumentar a rendibilidade das explotacións gandeiras, fomentar a súa modernización e a mellora da eficiencia dos sistemas produtivos agrarios e das calidades nas súas producións
- Ademais, considérase que fomentar e potenciar a realización destes certames supón un incentivo para a recría de animais selectos en Galicia, facilitando o seu coñecemento para o resto das ganderías, e un estímulo para a mellora gandeira
- A participación do gando de razas puras nos certames é un compoñente primordial dos programas de difusión da mellora que, con carácter xeral, teñen que desenvolver as asociacións de criadores de gando de raza pura
- Como novidade nesta convocatoria, aumentouse o número máximo de certames subvencionables que se realizarán por concello, que pasarán de dous a tres

A Xunta publicará proximamente unha orde para establecer, en réxime de concorrencia non competitiva, as bases reguladoras das axudas para a realización de certames de gando bovino selecto, de maneira que os concellos organizadores deste tipo de eventos poidan facer fronte aos gastos correntes derivados deles. A orde estará dotada cun orzamento de 200.000 euros e a súa finalidade inmediata é a promoción e difusión dos certames de gando bovino selecto criado en pureza en Galicia.

Os obxectivos finais que se perseguen son, tamén, facilitar un aumento da rendibilidade das explotacións gandeiras galegas, da súa viabilidade e do nivel de vida dos gandeiros, promover a modernización do sector gandeiro galego en materia de xenética, sanidade e produción animal e mellorar a eficiencia dos sistemas produtivos agrarios e das calidades nas súas producións. Procúrase, así mesmo, unha optimización na utilización das oportunidades e recursos dispoñibles, apoiar os elementos de identidade cultural relacionados coas razas gandeiras e incidir positivamente na formación de novos gandeiros e gandeiras.

#### **Incentivo para a recría**

Ademais, considérase que fomentar e potenciar a realización de certames de gando selecto en diferentes puntos da xeografía galega, onde as ganderías participantes poidan expor con distintos fins os animais selectos, supón un incentivo para a recría de animais selectos en Galicia, facilitando o seu coñecemento para o resto das ganderías, ademais de posibilitar a súa comercialización e supor un estímulo para a mellora gandeira.

As axudas financiarán, entre outras, actuacións como a selección e preparación dos animais previas ao evento, así como o seu manexo, estabulación e alimentación durante a realización do certame. Tamén se apoiará o transporte dos animais para o certame, os

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

gastos derivados do acondicionamento do recinto, os administrativos de xestión, os custos publicitarios e o material de promoción, así como os gastos de mantemento, seguridade, limpeza, seguros e outros. Ademais, como novidade nesta convocatoria, aumentouse o número máximo de certames subvencionables para celebrar por concello, que pasan de dous a tres.

### **Finalidades dos certames gandeiros**

Os certames gandeiros son concentracións de animais que teñen como finalidades a exposición para a súa exhibición, a participación nun concurso, a venda e comercialización ou ben unha combinación das anteriores.

A participación do gando de razas puras nos certames é un compoñente primordial dos programas de difusión da mellora que, con carácter xeral, teñen que desenvolver as asociacións de criadores de gando de raza pura. Así mesmo, os certames de gando selecto son o marco idóneo para fomentar o coñecemento das razas gandeiras por medio da súa promoción; contribúese desta maneira á identificación dos elementos de identidade cultural relacionados con estas razas.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **AS ORGANIZACIÓNS DE PRODUTORES PESQUEIROS DE GALICIA IMPULSAN A SOSTIBILIDADE DO MAR E A COMPETITIVIDADE DO SECTOR COS SEUS PLANS DE PRODUCCIÓN E COMERCIALIZACIÓN**

- O marco normativo actual na Unión Europea reforza as actividades destes colectivos e favorece o seus avance cara á profesionalización da actividade
- As súas estratexias facultan a rastrexabilidade total dos produtos pesqueiros e acuícolas, dan información clara e completa aos consumidores e dificultan a pesca ilegal
- Na actualidade son oito as OPP de rango autonómico que operan na Comunidade, ás cales se engaden tres de ámbito nacional e dúas de dimensión transnacional

O conxunto das organizacións de produtores pesqueiros (OPP) do sector dos produtos da pesca e da acuicultura que operan en Galicia están a desenvolver plans de produción e comercialización cos cales están a impulsar a sostibilidade da pesca e a acuicultura como a produtividade destas actividades. O Consello da Xunta abordou hoxe a resolución das axudas en apoio destes colectivos profesionais e puxo en valor un traballo que permite contribuír a articular un sector marítimo-pesqueiro máis competitivo e respectuoso coa súa contorna, ao tempo que se melloran as condicións laborais e de seguridade dos traballadores.

En total son oito as organizacións de produtores pesqueiros con ámbito de actuación autonómico que desenvolveron as súas estratexias de produción e negocio, recoñecidas pola Comunidade e inscritas no Rexistro de Organizacións de Produtores Pesqueiros, creado ao abeiro da normativa pola que se regulan estas entidades. Son importantes axentes económicos nas zonas en que desenvolven a súa actividade e contribúen así ao impulso da economía de toda Galicia.

Entre as últimas e que contan con axudas tamén para a súa creación están a Asociación de Armadores de Cerco de Galicia, Acerga (OPP-82) e a Sociedad Cooperativa Gallega del Mar Santa Eugenia de Ribeira (OPP-83), aínda que a máis nova, pois foi recoñecida oficialmente a finais de 2020 e comezou a operar en 2021, é a Organización Empresarial Parquistas de Carril (OPP-89).

Máis veteranos son a Organización de Produtores de Pesca Fresca do Porto de Vigo (OPP-04); a Organización de Produtores de Pesca Fresca do Porto da Coruña (OPP-13); a Organización de Produtores OPP-7 de Burela; a Organización de Produtores do Porto de Celeiro (OPP-77); e a Organización de Produtores de Marisco e Cultivos Mariños da Provincia de Pontevedra (OPP-20).

O marco normativo europeo actual reforza as actividades destas organizacións profesionais da pesca e da acuicultura e facilita a axuda financeira necesaria para que poidan desempeñar un labor máis importante na xestión, exercendo as súas actividades

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

pesqueiras e da acuicultura de forma sustentable e mellorando a comercialización dos produtos.

A achega financeira aos plans de produción e comercialización das OPP pode ser de ata o 12 % do valor medio anual da produción da entidade durante os tres anos naturais anteriores á resolución de aprobación do plan, unha porcentaxe que cuadriplica a vixente ata 2020 –do 3 %–, froito dos cambios introducidos no Fondo Europeo Marítimo de Pesca (FEMP) para adaptarse ás dificultades derivadas da alerta sanitaria polo coronavirus e co obxectivo de impulsar a actividade do sector marítimo-pesqueiro.

Estes plans inclúen, entre outros aspectos, o programa de produción para as especies capturadas, a estratexia para adaptar a cantidade, calidade e presentación da oferta ás exigencias do mercado e medidas preventivas especiais de adaptación da oferta para as especies que presenten dificultades de comercialización durante o ano.

As actuacións previstas polas OPP pretenden impulsar a actividade do sector e o seu desenvolvemento, o que contribúe a xerar emprego e riqueza no ámbito de actuación. Impulsan actividades pesqueiras viables e sustentables e contribúen a evitar e reducir, na medida do posible, as capturas non desexadas de poboacións comerciais. O seu labor é esencial á hora de garantir a rastrexabilidade dos produtos da pesca e o acceso a información clara e completa aos consumidores, ademais de axudar na eliminación da pesca ilegal, non declarada e non regulamentada.

### **O conxunto das OPP**

España conta con 39 organizacións de produtores pesqueiros do sector dos produtos da pesca e da acuicultura, entre elas as citadas oito que son de ámbito autonómico galego. A estas hai que sumar outras tres que, con base en Galicia, teñen carácter nacional, como son a Organización de Produtores de Buques Conxeladores de Merlúcidos, Cefalópodos e Especies Varias (OPP-3) e a Organización de Produtores Nacional de Palangre de Altura (OPP-88), as dúas con sede en Vigo, constituída en Vigo en abril de 2021; e a Organización de Produtores de Mexillón de Galicia, Opomega (OPP-18), de Vilagarcía de Arousa.

As dúas de ámbito transnacional son a Organización de Produtores de Pesca do Porto e Ría de Marín (OPP-08) e a Organización de Palangreros Guardeses, Orpagu (OPP-49).